



TEATRO  
DO  
NOROESTE,  
2017



**30  
ANOS  
ACTUANDO**



TEATRO  
DO  
NOROESTE,  
2017

**30  
ANOS  
ACTUANDO**

MEDEA  
GALICIA, SL  
REI LEAR  
ALTA COMEDIA  
TAGEN ATA  
OS XUSTOS  
A GRANDE NOITE DE FIZ  
GALILEO GALILEI  
AS VODAS DE FIGARO  
MACBETH  
HISTORIAS PEREGRINAS (I)  
NOITE DE REIS  
UNHA ROSA E UNHA ROSA  
ESTACIÓN MAHAGONNY  
FEIRANTES  
A CELESTINA  
O PAIS ACUÁTICO  
ALTA COMEDIA  
CAMPO SUR  
AS DAMAS DE FERROL  
ENSAIO  
CONFESIÓN  
A CASA DO PAI  
IMPERIAL: CAFÉ CANTANTE, VIGO 1936  
ROMEO E XULIETA  
EXTRARRADIOS  
GLASS CITY  
ROMEO E JULIETA  
HISTORIAS PEREGRINAS (II)  
ÚLTIMO COWBOY  
PIRATAS  
LINDA AND FREDDY, ILUSIONISTAS  
TOUPORROUTOU DA LÚA E DO SOL  
A MAMMA  
SELECCIÓN NATURAL

# SÍSIFO FELIZ

**SÍSIFO FELIZ**  
DAMIÁN VILLALAÍN

*Entre todas as escolas da paciencia e da lucidez, a creación é a máis eficaz. Tamén é o conmovedor testemuño da única dignidade do home: a rebelión teimuda contra a súa condición, a perseverancia nun esforzo considerado estéril. Esixe un esforzo cotián, o dominio de un mesmo, a apreciación exacta dos límites do verdadeiro, a mesura e a forza. Constitúe unha ascese. Todo iso 'para nada', para repetir e patalexar.*  
(Albert Camus, *El mito de Sísifo*)

Non hai quizais tratado introdutorio, libro de historia ou monografía teórica que exprese mellor a condición esencial dun teatro galego que *O mito de Sísifo*. Camus publicouno en 1942, en plena ocupación alemá de Francia, antes do desembarco norteamericano no sur de Italia e do inicio da batalla de Stalingrado, cando nada indicaba o cambio de rumbo que axiña tomaría a guerra e Europa parecía condenada á rendición ante o nazismo. E aínda así, Camus expresaba nestes ensaios a súa convicción resistente. Facíao a través da figura de Sísifo, quen eludiu a morte escapando mediante engano do Hades, aquel submundo grego que cifraba o inferno en non sentir o corpo xa perdido, en non ver nunca máis a luz do día. Pero un día Sísifo tivo que morrer e a crueldade da súa condena non gardou proporción coa súa trasnada vitalista: aínda está agora mesmo repetindo unha vez máis e para sempre o seu eterno percorrido, levantando unha vez máis a gran pedra, poñéndoa unha vez máis sobre o seu ombreiro e subíndoa outra vez ata o cimo da montaña desde onde volverá caer unha vez máis. E Sísifo desandarará outra vez o camiño e volverá outra vez erguer a pedra do chan e subirá unha vez máis a montaña.

Unha vez máis. Outra vez. O teatro galego leva moitos anos metido nese bucle, tantos que xa semella a súa condición natural. E talvez sexa así. E talvez por iso empeñouse, como suxería Beckett, en fracasar cada vez mellor, en vivir nesa ascese camusiana, nesa aceptación dun destino "para nada, para repetir e patalexar". É un fracaso de longo percorrido, teimudo, elixido, fermoso...

Poucas testemuñas mellores desa viaxe circular que Eduardo Alonso e Luma Gómez, pois levan case cincuenta anos levantando unha e outra vez a pedra e subindo con ela a montaña. E non cansan, aínda que eles seguramente dirán que sí, que algo cansos si que están. Agora conmemoran e celebran os trinta anos de vida da súa compañía, **Teatro do Noroeste**. Francisco Oti encárgase nas súas páxinas de dar conta detallada do camiño andado, das dúcias de montaxes estreadas, dos actores e actrices, escritores e músicos que colaboraron coa compañía nestes anos. Noroeste foi unha casa acolledora para todos eles. E un fogar para Paco Conesa, escenógrafo e figurinista falecido en 2016, que estivo presente desde o inicio en todos os traballos escénicos da compañía.

Noroeste foi e é unha compañía valente. O seu exercicio artístico e profesional oscilou sempre entre dous postulados que ás veces camiñan en harmonía e ás veces non: a fidelidade ás propias inqúedanzas e a consecución dun público. Nunca deixaron de facer -se ben condicionadamente, claro- o que querían facer e, ao tempo, nunca deixaron de ter en conta os intereses do público. Pero o modelo teatral galego, tan inerte, empobrecido e mal estruturado, non permite avaliar con facilidade cales poidan ser nin eses intereses nin ese público. Por iso de **Teatro do Noroeste** saíron durante moitos anos críticas, propostas e alternativas a ese modelo desde hai xa moito tempo ineficiente e estéril. Se hai unha compañía que dedícase auténticos e continuados esforzos a intentar cambiar as cousas no teatro galego foi sen dúbida **Teatro do Noroeste**. Eduardo Alonso escribiu e reescribiu unha mancha de pezas teatrais, pero tamén unha morea de páxinas sobre política teatral nos máis diversos formatos e tonalidades.

Xa desde moitos anos antes da creación da compañía, Eduardo e Luma eran entusiastas activistas da escena, participantes habituais en foros, encontros e iniciativas de todo tipo nos anos finais do franquismo e nos tempos da transición. Aqueles foron anos nos que parecía que o xermolo plantado en Ribadavia podía dar o froito dunha *normalización* teatral en Galicia. Despois Eduardo sería o primeiro director do Centro Dramático Galego e un dos profesionais máis teimosos e lúcidos nos intentos de conformar un sistema teatral que non limitase as súas funcións ao reparto dunhas axudas públicas cada vez máis cativas. Teño diante agora mesmo algúns números da revista que Noroeste publicou entre 1996 e 1997. Era unha revista dedicada na súa maior parte ao debate sobre política teatral: entrevistas cos responsables culturais dos partidos políticos e grupos parlamentarios, debates entre profesionais sobre as compañías, sobre a formación, sobre as relacións entre teatro profesional e administración...

O punto de mira era sempre o mesmo. Tratábase de que a nova Galicia democrática, autogobernada e dona dun amplísimo abano de competencias culturais tomase en serio a posibilidade de contar cunha vida escénica vigorosa, socialmente integrada, profesional e artisticamente digna. Unha utopía razoable que apelaba non só á Xunta,

senón tamén a concellos, deputacións, entidades financeiras, empresas, sociedade civil, medios de comunicación... Durante un tempo compartín con Eduardo e Luma estas lideiras que nos conducían unha vez ao mes a Sada, onde nos reuniamos con Antonio Simón, María Barcala, Xosé Manuel Rabón, Gustavo Pernas, Manuel Vieites, Anxela García Abalo, Xulio Lago, Inma Antonio Souto, Miguel Pernas, Manuel Areoso. Alí comiamos, bebiamos e bromeabamos, pero sobre todo discutiamos e elaborabamos informes e documentos propositivos que apenas foron tidos en conta desde as diferentes administracións. E tampouco moito desde a profesión teatral. Con todo, os textos do que demos en chamar Foro de Sada seguen aí e en gran medida seguen sendo útiles e actuais.

Fixéronse cousas durante todos estes anos, sen dúbida, e Eduardo e Luma estiveron sempre na trastenda ou no mostrador de todas elas, pola parte de dentro ou -as máis das veces- pola parte de fóra, propoñendo ou esixindo melloras na calidade do xénero. Pero o certo é que non hai demasiados motivos obxectivos para a ledicia. A crise económica e as políticas de recortes non fixeron máis que acentuar os males que, algo máis disimulados durante a anterior fase de relativa bonanza, aqueixan de forma crónica ao teatro en Galicia. O panorama segue caracterizándose pola ausencia dunha política teatral ben definida e con obxectivos claros, por un oficinismo protocolizado ata a hipertrofia e mesmo ata o esperpento burocrático, pola rutina, pola precariedade laboral, por unha atomización profesional inducida desde as propias administracións... e polo triste desperdicio de talento artístico, de traballo e de recursos públicos que se deriva de todo o anterior.

A actividade de **Teatro do Noroeste** tamén se viu afectada por todos estes males. Algo máis arriba escribín que esta compañía nunca deixou de facer o que quería, o cal é matizable. Máis ben habería que dicir que nunca fixo o que non quería facer, o cal xa é de seu un privilexio. Pero tamén é certo que o ambicioso proxecto profesional que está nas súas orixes -unha compañía estable e con sala propia, de repertorio e con repartos amplos- só puido realizarse de forma parcial e temporal. Agora Noroeste é, como di o propio Eduardo Alonso, unha compañía de autor e con repartos pequenos. O bo é que o autor é el mesmo. E iso foi o que ganou o teatro galego, o excelente

dramaturgo de *As damas de Ferrol*, *Imperial café cantante* ou *Palabras malditas*, por citar só algúns títulos dunha obra que xa é moi considerable. Deste xeito, a nova e obrigada orientación da compañía non supón renuncia ningunha nin ao compromiso profesional nin á calidade artística.

Cando Eduardo me chamou por teléfono e me contou que ían facer unha publicación conmemorativa dos trinta anos de **Teatro de Noroeste** quedei un pouco abraiado, sobre todo porque hoxe soa raro que alguén pertencente ao universo teatral galego queira celebrar calquera cousa, a que sexa, tal é o estado tendencialmente depresivo no que se atopan este mundo e as súas xentes. Pero non tardei en contaxiarme desa alegría que é a tonalidade dominante en Eduardo sempre que comunica un proxecto novo. Claro que Noroeste ten moito que celebrar! pensei. Celebran cada un dos días, meses e anos dedicados a ensaiar, a dirixir, interpretar e iluminar, a ler e escribir textos e a traballar con eles, a entusiasmarse con Shakespeare e con Brecht, con Murado e con Cunqueiro, a reclutar colaboradores e compañeiros de aventura, a pelexar co IGAEM e coa AGADIC, con concelleiros e programadores, a debater cos colegas de profesión, a redactar documentos, proxectos, manifestos e denuncias, a actuar en Vigo e Palas de Rei, en Madrid e en Gondomar, a facelo con público e sen el... Celebran o privilexio de poder dedicar as súas vidas ao que desexaron cando eran só uns adolescentes.

Empecei estas notas con Camus e quero rematalas con él: *"Deixo a Sisifo ao pé da montaña. Volve atopar sempre a súa carga (...) Cada un dos grans desta pedra, cada fragmento mineral desta montaña chea de escuridade forma de seu un mundo. O esforzo mesmo para chegar ao cume abonda para encher un corazón de home. Hai que imaxinar a Sisifo feliz"*.

E tamén me sumo á celebración dos trinta anos de vida e felicidade de **Teatro do Noroeste**.



2017:

**30 ANOS ACTUANDO**

**1.250 REPRESENTACIÓNS**





## MEDEA








MEDEA,  
de Eurípides-Séneca-Anouilh

Estrea:  
Aula de Cultura da Caixa de Aforros de Galicia  
en Santiago de Compostela.  
24-11-1987







¡E canto frío!

¡Canto frío pasamos en todos os ensaios desa época! Pero isto é o que recordo especialmente dos últimos pases xerais no Pavillón de Deportes de Pontecesures. Deblamos ser una xeración chea de sabañóns.

Pero mereceu moito a pena. **Galicia S.L.** foi unha das primeiras coproducións que se artellaron neste país, aunando os esforzos e os medios de **Teatro do Noroeste**, compañía xa daquela cun peso específico, e Teatro do Malbarate, a primeira compañía galega composta totalmente por actrices (a matronal).

Catro actrices e catro actores. Mabel, Marisa e máis eu por Malbarate. Luma, Ernesto e Diego por Noroeste e como invitados os nosos compañeiros Morris e Tuto. Todos nós baixo a batuta de Eduardo Alonso, (de Noroeste por suposto) que era o que máis frío tiña de todos.

E para complicar máis a cousa, textos orixinais encargados a aqueles autores que nese momento merecían a nosa atención, sobre temas de actualidade que pretendíamos calasen na nosa sociedade. Algúns textos chegaron a tempo e outros... un pouco máis tarde.

Este espectáculo sempre tivo para min un subtítulo: "Vai ao teatro, vai ao teatro, que é moi bonito" frase dita por un dos personaxes que interpretaba Marisa Soto.

Pero insisto, valeu a pena. O esforzo foi recompensado polo público, asistencia masiva e número importante de función: "¡Que tiempo tan feliz!"

In memoriam de Marisa Soto, Chichí Campos, Tuto Vázquez, Paco Conesa e Diego Varela.

Rosa Álvarez



**GALICIA, S.L.**





**AUTORES:**

Manuel Rivas, Antón de Santiago, M<sup>ª</sup> Xosé Queizán,  
Manuel Guede, Xesús Campos, A. Simón e Lino Braxe

**REPARTO:**

Rosa Álvarez · Antonio Durán Morris · Mabel Rivera · Diego Varela ·  
Ernesto Chao · Luma Gómez · Marisa Soto · Tuto Vázquez

Antonio F Simón\_Escenografía, indumentaria e deseño gráfico

Emilio Cao\_Música

Cristina Pardo e Guillermo Rodríguez\_Máscaras

Rosa Miguez\_Axudante de dirección

Eduardo Alonso\_Illuminación e dirección

**GALICIA, S.L.**

Diversos autores  
(en coprodución con Teatro do Malvarate)

**Estrea:**

Pavillón Municipal de Pontecesures (Pontevedra).  
25-11-1988



## Ernesto Chao

Nove espectáculos e nove anos de traballo ininterrompido. Este é o meu saldo máis que satisfactorio do meu paso por Noroeste, ben como compañía independente ou ben como compañía concertada, modalidade hoxe desaparecida por desgraza, que nos permitiu gozar dun contrato indefinido durante dous anos, incluso cun mes de vacacións pagadas.

Coido que en ningunha compañía galega se propiciou un "tráfico" tan grande de actores e actrices como en Noroeste. Actores dos "de sempre", recen saídos da ESAD, procedentes doutras compañías... A nómina é máis que avultada. Durante estes nove anos tiveron ocasión de traballar con innumerables compañeiros, dos que conservo un grato recordo e a pesar dos anos transcorridos una forte amizade: Xavier Estévez, Belén Constenla, Rebeca Montero, Diego Varela, o inesquecible Tuto, Carlos Blanco, Imma Antón, Vilarelle, Serxio Pazos, Morris e tantos outros. E naturalmente Eduardo e Luma.

Luma e máis eu ademais de actuar levabamos a distribución. É o único que non boto en falta. Pero ao final tiñamos a nosa recompensa. Conseguir 60-70 funcións dun espectáculo xa daquela non era fácil, pero conseguíamolo. Agora é imposible. Con Eduardo aprendín a traballar a reo ("¡veña, veña, que se me vai a tarde!"), aínda que eu xa era bastante esperto, todo hai que dicilo. E sobre todo con el aprendín a amar a Shakespeare. *Macbeth*, *Noite de Reis*, e sobre todo *Rei Lear*. Para min o *Lear* significou un antes e un despois, aínda que teño a espiña crevada de telo feito naquel momento, cando era máis novo, e non agora cunha idade moito máis apropiada. Hai cousas, motivacións e sentimentos neste personaxe que só acabas de entender plenamente co paso do tempo. Gustaríame volver facelo, pero dáme o corpo que non. Non se dan agora mesmo as circunstancias para facer espectáculos deste tipo. E non quero esquecerme de "la muerte justiciera" personaxe de *Historias Peregrinas* de Miguel Anxo Murado. ¡Que ben o pasaba! ¡Canto gocei!... mellor dito que ben o pasabamos todos.

Eduardo e Luma, foi un pracer traballar con vós e ao mesmo tempo ser amigos, fóra e dentro do teatro. Pasamos bos tempos. Agora non o son tanto, pero como dicían Manolo e Ramón: ¡¡RESISTRÉ!!



**REI LEAR**





# Rei Lear

W. Shakespeare

DIRECCION:  
EDUARDO ALONSO

Comunidade



PRODUCCIONS  
DO  
NOROESTE, S.A.

patrocinada por



#### REPARTO:

Ernesto Chao · Luma Gómez · Belén Constenla · Monti Castiñeiras ·  
Matilde Blanco · Paco Campos · Santiago Prego · Diego Varela

Cándido Pazó *Tradución*

Paco Conesa *Escenografía e indumentaria*

Emilio Cao *Música*

Rosa Míguez *Axudante de dirección*

Eduardo Alonso *Versión, iluminación e dirección*



REI LEAR

De William Shakespeare

Estrea:

Teatro Principal de Santiago de Compostela

03-05-1990





Brais Morán



#### “Teatro do Noroeste: Os 7 tesouros para a memoria”

Son un afortunado ao poder afirmar que con tan só 19 anos me subín a unha tarima dun teatro cunha guitarra na man e co sentido musical posto na escena. Foi aí o meu primeiro contrato profesional, onde me serviu de trampolín para poder formar parte dun novo espectáculo chamado **Confesión**, cunha nova familia que coñecemos como “**Teatro do Noroeste**” e todo grazas á persoa que viu nas miñas facultades antes ca ningún, un camiño novo para abrir. Esa persoa foi Luma Gómez, á que sempre bautizarei como a miña “Nai do Teatro” cando quixo contar comigo dirixindo esta peza e intercambiando os papeis con Eduardo Alonso, o grande motor e ideólogo de producir e adaptar textos, xa que é o director habitual da Compañía desde varias décadas na maioría das súas montaxes.

Así me embarquei nunha aventura que desde que comezou non parou de crear e dar traballo a moitos e moitas, tanto a artistas xa consagrados como a novos talentos da miña xeración que hoxe en día saen nas pantallas grazas a poder iniciarse naquela “Nave Espacial de Fornifios” pola que pasou tanto currante e que sempre recordaremos.

O meu traballo foi sobre todo musical, xa que é algo vocacional que sempre levei dentro, e tamén profesional porque puider levarlo a cabo laboralmente. Aí quedan os ambientes, as cancións, e as atmósferas que fun seleccionando durante varios anos para un **Romeo e Xulieta**, onde se mesturou a paixón dun amor trágico e adolescente cos tintes dunha música electrónica, clásica e funkeira. Ou nun **Extrarrádios** onde o rock e o soul lle deron carácter cómico e transcendental, ou incluso en espectáculos como **Último Cowboy**, que acompañamos con música de espionaxe, folk irlandés ou gipsy para os grandes monólogos persoais do protagonista e os diálogos intensos coa súa compañeira. Non me faltou o xénero infantil con **Piratas**, onde me divertín tanto buscando música de aventuras homenaxeando a Richard Strauss, Mussorgsky, Debussy ou o mesmo Mahler. E o meu culmen, a parte do asecoramento musical escénico, chegou co musical **Glass City** onde tiven a oportunidade de debutar como actor e músico de reparto encarnando á personaxe de “Caraniño”, un músico anarquista que sobreviviu en tempos franquistas. Toda unha experiencia no mundo das artes escénicas e que serviu de moito recorrido para que uns anos máis tarde volvese a desenvolverme como actor no nome de “Mariano”, un servidor da casa señorial na obra **Las Circunstancias**, de Enrique Gaspar, coa que viaxamos a Madrid nunha única función cun Teatro Pavón abarrotado de xente. Moito aprendín e moito espero seguir aprendendo nestes tempos difíciles, pero non imposibles. Pois con **Teatro do Noroeste**, a miña vida xa atopou 7 tesouros para a memoria.

## TAGEN ATA



# TAGEN ATA



Algunos a Tagen les comparten el dolor  
de un mundo.  
Difícil decir si el mundo es solo  
como lo concebimos o algo que  
nosotros.

Algunos a Tagen les toca vivir el dolor,  
su mundo es todo, sus amigos que  
comparten el dolor con él o sin él.

Nuevo montaje de **ACTUANDO** y **TEATRO 020**  
de **X. L. MÉNDEZ FERRÍN**  
Escrito por  
**EDUARDO ALONSO** y **MANUEL GUEDE**

Dirigido por  
**MIGUEL PERNAS** - PARA ACTUANDO MUNDO

Resumen  
**EDUARDO ALONSO**  
Música interpretada por  
**PRODUCCIONES DE NOROESTE** - **TEATRO CASTRO**

Subvencionada por  
**XUNTA**  
GOBIERNO DE GALICIA  
Dpto. de Cultura e Turismo  
Dpto. de Educación

ACTUANDO



## AUTOR:

Xosé Luís Méndez Ferrín

## REPARTO:

Imma Antonio - Miguel Pernas  
Xoaquín Lens (Voz en Off) - Mabel Rivera (Voz en Off)

Manuel Guede\_Versión

Iago Seara\_Escenografía

Fernando Alonso\_Selección musical

Rosa Míguez\_Axudante de dirección

Eduardo Alonso\_Versión, iluminación e dirección

## TAGEN ATA

De X. L. Méndez Ferrín

(en coproducción con Teatro Caritel)

## Estrea:

Salón de Actos del I.B. Xelmírez I de Santiago

27-11-1990



Cándido Pazó

Noroeste, un vento teatral que ven de lonxe. Desde a amizade e a profesionalidade, e viceversa, declaro o meu orgullo e agradecemento por ter colaborado algunha vez para que ese vento bufase. Que o vento continúe procurando novos rumbos. Saude e avante!





## OS XUSTOS





# OS XUSTOS

de Albert Camus

dirección: Eduardo Alonso



• ERNESTO CHALO • LUMA GÓMEZ • CARLOS BLANCO VILA •  
• DIEGO VARELA • RAÚL G. YARO • XERARDO DEL RÍO •  
• XOSÉ LÓPEZ SOTO e BELÉN CONSTANZA en «OS XUSTOS»  
de ALBERT CAMUS e tradución de XOSÉ MANUEL BEIRAS.

• Agradecidos: MARIANO PÉREZ (diseño escenográfico), ANTONIO PÉREZ CORTES (diseño gráfico), MARIANO PÉREZ (diseño de iluminación), XOSÉ LÓPEZ SOTO e BELÉN CONSTANZA (diseño de vestuario), XOSÉ LÓPEZ SOTO e BELÉN CONSTANZA (diseño de maquillaje), XOSÉ LÓPEZ SOTO e BELÉN CONSTANZA (diseño de peluquería), XOSÉ LÓPEZ SOTO e BELÉN CONSTANZA (diseño de calzado), XOSÉ LÓPEZ SOTO e BELÉN CONSTANZA (diseño de accesorios).


La coproducción de TEATRO DO NOROESTE, S.A.

www.teatrodonoroeste.com



OS XUSTOS,  
de Albert Camus

Estrea:  
Salón de Actos del I.B.Xelmírez I  
de Santiago de Compostela.  
19-04-1991





Carlos Blanco

#### TEATRO DO NOROESTE

Teño presentísima aquela entrevista na Radio Galega, no Fiadeiro, o programa que tiñamos polas tardes.

Viñan Luma e Eduardo a presentarnos o seu novo espectáculo, non lembro cal, foi hai tanto tempo...

Pero si sei que falei con eles ao rematar e díxolle a Eduardo "Se ves que tes un papel para min nun espectáculo que fagas, avisa".  
E aí quedou a cousa.

E cadrou que estaban preparando *Os Xustos* de Camus coa tradución de Beiras e escenografía e vestuario de Paco Conesa.

E avisóume.  
E fixémoslo.  
E foi moi ben.  
E despois viñeron máis.

O *Galileo Galilei* de Brecht. *A Grande Noite de Fiz* de Miguel Anxo Murado...  
Algunha máis.

E disfrutei con eles e con compañeiros como Belén Constenla, Ernesto Chao, Serxio Pazos...  
E a organización impecable, o traballo concienzudo, o trato amable e a camaradería foron sempre marca de fábrica.

Poucas veces pedin traballo na miña vida, por sorte.  
A pouca xente.  
A Reixa, a Eduardo, a poucos máis.  
E sempre resultou ben.  
Son afortunado de ter sido partícipe da historia de **Teatro do Noroeste** e sintome Orgullosa e agradecido por telo feito o mellor que scuben.  
Grazas Luma.  
Grazas Eduardo.  
Parabéns pola efeméride e o traballo.

## A GRANDE NOITE DE FIZ



# A GRANDE NOITE DE FIZ

"OU CHEGAN DE FRANCIA NOTICIAS PRECUPANTES"

Un orxecto de mil setecentos e fantoas orixinal de MIGUEL ANXO MURADO, sobre unha idea de Maquiavelo.



**AUTOR:**

Miguel Anxo Murado

**REPARTO:**

Serxio Pazos · Miguel Pernas · Ernesto Chao ·  
Luma Gómez · Rebeca Montero · Diego Varela ·  
Raúl Varo · Carlos Blanco · Xavier Estévez

Paco Conesa Escenografía e indumentaria

Fernando López Pan Música

Eduardo Alonso Dirección

A GRANDE NOITE DE FIZ

Miguel Anxo Murado

Estrea:

Teatro Principal de Santiago de Compostela

17-10-1992





Diego Varela

Para min **Teatro do Noroeste** foi unha experiencia vital moi forte a nivel de coñecemento, sensibilidade, amizade, cariño; unha porta ó diálogo, ó saber estar e discutir con elegancia, educación, respecto ( aquí viñame ben algo máis de "aprendizaje"). Noreste foi unha experiencia moi parecida a unha escola de vida con choros e alegrías, bos e malos traballos. **Teatro do Noroeste** foi e segue sendo un anaquiño da miña vida e vaia onde vaia estará comigo, sempre. Un bo pai.



## GALILEO GALILEI







**AUTOR:**

Bertolt Brecht

**REPARTO:**

Ernesto Chao · Raúl Varo · Luma Gómez · Xavier Estévez ·  
 Servio Pazos · Carlos Blanco · Rebeca Montero · Xosé Vilarelle ·  
 Diego Varela · Imma Antonio · Tuto Vázquez · Pepe Soto



**GALILEO GALILEI**

Bertolt Brecht

Estrea:

Aula Cultura Caixa de Aforros de Galicia  
 de Santiago de Compostela  
 03-03-1993

Hanns Eisler, Música

Cándido Pazó, Traducción

Paco Conesa, Escenografía, vestuario e atrezzo

Eduardo Alonso, Dramaturxia, iluminación e dirección



Fernando González



Entrei por casualidade en 2007, por esas cousas que pasan cando o "librealbedrío" fai das súas. Cheguei virxe, sen case experiencia neste oficio pero con ganas infinitas de aprender e medrar... pero xamais agardaba atoparme cunha Familia. Unha familia de profesionais e sobre todo, persoas, ás que admiro e respeto profundamente.

Non fai falla dicir que **Teatro do Noroeste** é Teatro Galego en Maiúsculas, e que sen grupos como eles non teríamos a estrutura profesional que hoxe existe no noso país. Pero para min é como ese primeiro amor que xamais esqueces, como ese capítulo daquel libro que aínda que pasen os anos segue na túa memoria, como esa noite de verán coa que sempre soñas e que che fai bosquexar un sorriso. Con eles aprendín os mecanismos prácticos do oficio, o rigor preciso para ser un profesional, as ferramentas para pisar nas táboas con seguridade, a felicidade por poder dedicarme ao oficio que máis amo, os consellos sinceros de persoas que o deron, dan e darán todo polo teatro, as dificultades de levar adiante un proxecto profesional, e un longo etc.

Grazas por namorarme no Romeo, por axudarme a desenterrar a miña conciencia de loita política dende unha cidade de Cristal, por facerme rir con esa historia tan peregrina, por axudarme a sacar os mares como un Pirata, por darme a oportunidade de gozar como un neno no Toupourroutou e por todos os proxectos que se poidan sumar a esta lista nun futuro... Pero sobre todo, Luma, Eduardo e Eva, grazas infinitas por facerme sentir parte da vosa familia.



## AS BODAS DE FÍGARO







**AS BODAS DE FÍGARO**  
de Caron de Beaumarchais

Estrea:  
Teatro Principal de Santiago de Compostela  
08-02-1994





Manuel Guede Oliva



## MEDEA DO NOROESTE

Trinta anos despois, vén a memoria a emboscarse en inéditas comarcas estranxeiras nas que prevalecen ruínas, demolicións, decorados devastados que se exploran con áspera estranxeza, como se fose o prezo que houbera que pagar por ter formado parte dun tempo urxente e fundador no que era a urxencia fundadora a razón da nosa vida.

Agora, cando un xa se fixo dono da memoria ineludible para olvidar o que cómpre olvidar e sen embargo porfía na lealtade básica do que é primordial, lembro algunhas tardes por Boa e Serenou (esa cidade que algúns chaman Ourense) departindo con Luma e Eduardo unha posible Medea do Noroeste. Aquela súa *Medea* ía ser e foi o sinal de partida dun proxecto que eu fun acompañando durante todos estes anos en cómplices distancias, en cordial discrepancia ou no servizo activo. Pero sempre coa certeza de que estaba a compartir páxinas centrais da historia do teatro galego contemporáneo.

Estiven alí, no tempo auroral do "Noroeste" cunha versión na que Eduardo e mais eu practicamos calas violentas e canallas, de qué xeito senón, nas Medeas de Eurípides e Séneca, de Anouilh e Pasolini, para contar a nosa.

Ferrín tiña que estar e estivo na publicación daquela versión: Iasón era un traidor, como era, en crónica de nós, o noso odiado amigo Amado Noia. Veu sendo unha chiscadela para os avisados á que o de Vilanova dos Infantes se sumou comprado permitíndonos que o seu relato acompañase a edición da nosa adaptación escénica.


Ferrín estaba en *Tagen Ata*, era seu o territorio, naqueloutra versión que tamén asinamos xuntos, Alonso e eu, e que ao cabo foi a despedida daquela fermosa historia persoal e colectiva que se chamou Caritel. Alí, en *Tagen Ata* morreu Caritel. Pero o **Teatro do Noroeste** salvou un proxecto que estaba destinado a incumprirse por razóns que aquí non veñen ao caso.

Agora, cando tanto se viste de país estranxeiro, exploro os decorados de noutroira e pago o prezo: entón, hai trinta anos, tiñamos a certeza de que o futuro quería ser outra cousa.

## MACBETH







**MACBETH**  
de William Shakespeare

Estrea:  
Auditorio do Castelo de Ribadavia (Ourense)  
Festival Internacional de Ribadavia  
24-07-1994





Antonio F. Simón

### MÁIS DE CORENTA ANOS DE DEMOSTRADO TESÓN VITAL

Cofecín a Luma e a Eduardo a principio dos anos setenta do século pasado, que non é pouco, e desde aquela, mantivemos, sempre que foi posible e necesario, unha produtiva e reconfortante colaboración no terreo profesional e tamén no reivindicativo loitando sempre, por acadar melloras para a colectividade, para a profesión. Traballei con eles en espectáculos como *Lenta Raigame, Galicia SL, Alta comedia, Valle 98* e outros, sempre aprendendo e avanzando. Tamén coincidimos loitando e reivindicando todo aquilo que nos pareceu xusto e preciso, facendo camiño cara un mellor futuro para o teatro en Galicia. Agora coa perspectiva da distancia aínda non sei se foi moito ou pouco o que avanzamos. Pero o que máis estimo do tempo convivido é que fomos quen de cultivar unha fonda amizade ao longo de todos estes anos.

Coincidimos xuntos, do mesmo lado, en momentos de importante transcendencia para nós, para a profesión teatral e para Galicia, coma a implantación das bases para que o teatro iniciara o camiño da profesionalización no noso país, da creación e construción do CDG, do necesario impulso para o nacemento da Asociación de Actores e da de Directores de Esceña, tamén traballamos man con man no "club" de debate de Sada, do que saíron importantes documentos.

Tantos e tantos caldos quentes comidos na cociña da vosa casa entre conversa e conversa, entre idea e concreción, cecais inventando o futuro. Cando penso en vós os dous sempre venme á cabeza a imaxe de dous ciclopes do teatro galego, lexendarios e ao mesmo tempo actuais, que se enfrontaron a retos polos que ningún daba un peso e triunfaron, que pelexaron contra normativas obsoletas para finalmente destruílas, manténdose case sempre o pé da pancarta reivindicativa e acertada, subliñando melloras colectivas para a profesión e contra as normativas e os comportamentos inxustos daqueles que tiñan a tixola pola man.

Co voso traballo tocastes e percorrísteis todos os estilos, subindo e baixando todas as escadas precisas para seguir na loita, para camiñar facendo sempre camiño cara algunha parte precisa. Disfrútei sempre do voso traballo buscador e rigoroso, sempre rin e disfrútei con vós, coa vosas ganas de vida ilusionante, sempre río e disfruto cando estamos xuntos e penso seguir rindo e disfrutando moito tempo máis da vosa compañía. Feliz aniversario. Quérovos.



## HISTORIAS PEREGRINAS (1)



# HISTORIAS PEREGRINAS

De Miguel-Anxo Murado Dirección: Eduardo Alonso

TEATRO DO NOROESTE, S.L.  
compañía concertada co IBEREM



Colaboración de CAERAGALICIA  
MUSEO DE GALICIA



**AUTOR:**  
Miguel-Anxo Murado

**REPARTO:**  
Xavier Estévez · Diego Varela · Ernesto Chao · Belén Constela ·  
Luma Gómez · Xosé Vilarelle · Raúl Varo · Imma Antonio

Emilio Cao\_Música  
Paco Conesa\_Escenografía e vestuario  
Eduardo Alonso\_Iluminación e Dirección

**HISTORIAS PEREGRINAS (1)**  
de Miguel-Anxo Murado

Estrea:  
Teatro Principal de Santiago de Compostela  
14-02-1995



Christán Escuredo



Eu son deses "pequenos" que medraron facendo teatro da man de Luma e de Eduardo.

Eu son deses "pequenos" que espertaron con oportunidades coma a de poñerlle voz, corpo, alma e corazón a Romeo, ou a Quico, que me ensinou a contar historias cantando nunha fermosa Cidade de Cristal.

Eu son deses "pequenos" que medraron sendo actores para ser mellores persoas xunto a un equipo humano de todas as xeracións, e sempre tendo claro unha premisa: o protagonista será soamente o traballo en equipo.

Eu son deses "pequenos" que pertenceron á canteira de Noroeste, onde moitas das miñas compañeiras e compañeiros foron, e son, das miñas mellores amigas e amigos.

Eu son deses "pequenos", agora xa non tan pequenos, que brindan polo camiño que fixo Noroeste nestes últimos 30 anos. Hoxe O Teatro está de aniversario. Todos estamos de aniversario.

Amigos, honro a vosa viaxe, a que xa levades feita, e a que está por chegar, porque esta familia non pode parar de crer e de crear.

Brindo por vós. Hoxe e sempre.

¡MOITAS GRAZAS!

## NOITE DE REIS







Luma 2017

TEATRO DO NOROESTE

PRESENTA

## NOITE DE REIS

UNHA COMEDIA DE WILLIAM SHAKESPEARE



DIRECCIÓN  
EDUARDO ALONSO



**AUTOR:**

William Shakespeare

Versión, Eduardo Alonso e Imma Ant3nio

**REPARTO:**

Bel3n Constela · Xavier Est3vez · Ernesto Chao · Luma G3mez ·

Xos3 Vilarelle · Imma Ant3nio · Diego Varela

Voces, Carlos Blanco Vila · Monti Casti3feiras ·

Pepe Soto · Santi Prego e Ra3l Varo

Paco Conesa, Escenograf3a e vestuario

Eduardo Alonso, Iluminaci3n e Direcci3n



NOITE DE REIS

de William Shakespeare

Estrea:

Teatro Principal de Santiago de Compostela

29-02-1996





Unha muller afía o seu coitelo e comeza o relato da súa miserable vida que dará un xiro final inesperado, unha cómica asasina na cocíña, ese foi o meu primeiro impulso para escribir *A tixola polo mango* e soamente podía imaxinar a Luma Gómez facendo unha personaxe tan cruel, tan divertida e tan entrañable.

Anos máis tarde escribín tamén para a súa compañía *Selección Natural* e aconteceume o mesmo. Luma é ese tipo de actriz imprescindible, que leva anos facendo teatro e que sen dúbida pasará á historia como unha grande da escena galega. Co seu infatigable compañeiro Eduardo Alonso sucederá o mesmo.

Como dramaturga, teño a sorte de ter sido invitada a escribir dous textos para a súa compañía *Teatro do Noroeste* pero, o mellor de todo é que podo considerarme a súa amiga e eso conleva moitos momentos apaixonantes falando de teatro, cruzando opinións, recibindo cariñosos consellos, iso si, sempre ante unha copa de viño, como corresponde.

Grazas Luma. Grazas Eduardo.

¡A por outros trinta máis!

Lola Correa



## UNHA ROSA É UNHA ROSA





Luma Gómez  
Xosé A. Porto ("Josito")  
Belén Constenla  
Xosé Vilarelle  
Diego Varela  
Imma António

# unha rosa é unha rosa

(unha comedia de medo)  
de Suso de Toro

Dirección:  
Eduardo Alonso

  
Un espectáculo de TEATRO DO NOROESTE, S.L.



www.teatrodooroeste.com

Paco Conesa\_Escenografía e vestuario  
Emilio Cao\_Música

**UNHA ROSA É UNHA ROSA**  
(unha comedia de medo)  
de Suso de Toro

Estrea:  
Teatro Principal de Santiago de Compostela  
03-04-1997

  
PREMIO  
MARÍA CASARES 1998  
ACTRIZ SECUNDARIA A BELÉN CONSTELA E MAQUILLAXE A CARMELA MONTERO.



## Pepe Soto

Dos Xustos de Camus ó Galileo Galilei de B. Brecht. Nada sería posible sen o afecto recibido que nunca saberei se fun quen de corresponder. Para **Teatro do Noroeste**, no 30 aniversario. Luma Gómez e Eduardo Alonso.  
¡Das cousas grandes que a vida me deu!





## ESTACIÓN MAHAGONNY





**AUTORA:**

Alexandra Moreira da Silva

**REPARTO:**

Henriqueta Maya · Belén Constenla ·  
Luis Zahera e Nelson Freitas

Paco Conesa\_Escenografía e vestuario

Jorge Castro Guedes\_Dirección

**ESTACIÓN MAHAGONNY**

de Alexandra Moreira da Silva

(en coprodución co Centro Dramático de Viana do Castelo  
e o Centro Dramático Galego)

Estrea:

Auditorio do Pazo de Congressos de Pontevedra  
25-04-1998





Orencio

Sempre estarei agradecido a **Teatro do Noroeste** por ter confiado en min coma actor e sempre dando vida a anarquistas: **Imperial** e **Glasscity**.

A miña estrea coma actor foi no **Imperial** e seica o meu papel cedéumo o compositor da banda sonora Bernardo Martínez que preferiu ofrecermel o seu papel, e así coñecín a Eduardo e a Luma. A palabra de Ber bastou para que confiáran en min, e eu tireime á piscina.

Debutar nesta compañía foi un regalo, aprendendo ao lado duns compañeiros moi xenerosos e sempre de bo humor cos que se traballa moi gustosamente: Montaxes grandes, con moito elenco, proponendo teatro musical en directo coas escenografías espectaculares de Paco Conesa... En fin, bótovos de menos. ¡¡Por moitos anos mais de **Teatro do Noroeste** !!

¡Saúde!

## FEIRANTES





Luma Gómez  
en

# Feirantes

basado en textos de "Os outros feirantes" de Álvaro Cunheiro.

Música:  
Chefa Alonso

Adaptación teatral e dirección:  
Eduardo Alonso

Espectáculo producido por:



Subvencionado polo:



## FEIRANTES

versión escénica de Eduardo Alonso  
sobre textos de Álvaro Cunheiro

Estrea:  
Auditorio do Castelo de Ribadavia (Ourense)  
Festival Internacional de Ribadavia  
21-07-1999

## REPARTO:

Luma Gómez

Chefa Alonso\_Música

Carmela Montero\_Vestuario e maquillaxe

Equipo Taetro\_Escenografía

Eduardo Alonso\_Adaptación teatral, iluminación e dirección





Sergio Pazos

## TEATRO DO NOROESTE

Chámame Luma Gómez por teléfono e cólleme tomando unha caña en Madrid. Algo raro, moi raro...  
Chove moito, aínda máis raro na Cap!... E escóitase moi mal. Dime non sei que sobre escribir algo para celebrar os 30 anos da compañía.-

Que se lembren dun que pasou por Noroeste hai xa moitos anos, pois como que me fai tiliñ.  
Como falo por teléfono, Luma no se decata de que me está a caer unha bagoa pequerrecha de emoción...  
Impostando un pouco a voz e aparentando no darlle importancia, dígolle que o intentarei.-  
Un dos momentos que me ven a cabeza ao colgar o teléfono, é durante as representacións de *A grande noite de Fiz*. A escenografía consistía nunha estrutura cun desnivel moi elevado. Despois de case maternos nos ensaios intentando non perder o equilibrio, descubrimos que pasando unha fregona con Coca Cola -non vale outro refresco- os zapatos pegábanse ao chan e mantiñamos no escenario sen esvarar.

Para que logo digan que o teatro non vale para nada.

Outro dos momentos que recordo con grande cariño é a representación de Galileo Galilei, xa que tras interpretar ao vello Doutor Priuli, profesor de Galileo na Universidade de Padua, puíden saber como serei cando chegue a octoxenaria... encurvado, con bastón, canoso e feo, moi feo.  
Son dous dos moitos momentos vividos con Noroeste, con Luma e Eduardo: *A grande noite de Fiz* e Galileo Galilei, nos anos 92 e 93. ¡Xa choveu!

Así pois, e falando de sentimentos, de igual maneira que recoñezo que Manuel Guede me destetou no teatro, teño que recoñecer que este "teatrimonio" me adoptou como un fillo, coídáronme, ensináronme, e... o ben que o pasamos; e que noites de chubivas por aquelas intransitables e sinuosas carreteiras galegas naquel incombustible e indestructible Talbot Horizón; e que cenorrios en tabernas e tascas; e que ilusión; e que fodidos os ensaios; e que cansancios; e que ganas... ¡que seguen intactas!

Por iso, sempre que me encontro con estes "traballadores" do teatro, esta parella de *funambulistas teatreiros*, estes equilibristas do pésimoo negocio do teatro -económicamente falando, claro-, emociónome. Acáenme ben. Quéroos, como eles a min... ¡Que o sei!  
Teñovos que deixar, me está chamando Eduardo Alonso por teléfono. Raro ¡verdade! A ver se quere darme outro papel na súa Compañía.  
Luma, vas ter que aguantarme... e sábelo.







A CELESTINA,  
COMEDIA DOS TOLOS AMORES DE CALISTO E MELIBEA  
de Eduardo Alonso

Estrea:  
Salón Teatro de Santiago de Compostela  
23-05-2000





"Risas, de hai mais de vintecinco anos.

Marisa, Tuto, ¡¡compañeiros!! Canto me fixeron rir no patio de butacas. ¡¡Ai a bengala!!!

Rosa, Ernesto, Luma, Diego, Belén e tantos outros que me coidaron...

Montouto, fríjo, ¡¡qué frío!! , Sr Manuel que nos levaba e nos traía...

Mauro, Juanjo, Luis... ¡¡molto temos currado!!.

Galicia SL, Tagen Ata, Os Xustos, Rei Lear... coma se fora hoxe vos lembro.

Eduardo Alonso, mestre.

¡¡Canto aprendín!!

Teatro coma forma de vida. En Galicia, en galego.


¡¡Que viva o Teatrol! NOROESTE."

Suso Fernández Barreiro



## O PAÍS ACUÁTICO





**O PAÍS ACUÁTICO**  
de Eduardo Alonso

Estrea:  
Auditorio Municipal de Ribadeo (Lugo)  
31-10-2000

**REPARTO:**

Elena Atienza - Luma Gómez -  
Luisa Veira - Carlos Mosquera "Mos"

Chefa Alonso\_Música  
Carmela Montero\_Vestuario e maquillaxe  
Equipo Taetro\_Escenografía e atrezzo  
Eduardo Alonso\_Iluminación e dirección





**Teatro do Noroeste** é historia viva do teatro galego. É un exemplo de creatividade, de resistencia, de perseveranza. Pero non é só iso. **Teatro do Noroeste** é unha familia.

Iso é o que me fixeron sentir cando me deron a miña primeira oportunidade como actor profesional. Que me acollían dentro da súa familia.

A miña vocación de actor foi tardía. Aos trinta anos nunca subira a un escenario como actor. Nunca fixera teatro amador. Nunca fixera nada de nada, en realidade. Estaba cursando segundo -ou terceiro, non lembro ben- da ESAD e tina moitas ganas de traballar. De actuar.

Eduardo necesitaba actores novos para a súa montaxe de *Romeo e Xulieta* e alí fomos máis da metade da ESAD facer o casting. Eu non era para nada tan novo como se requiría para facer a proba pero, despois dunha pequena crise, decidín presentarme igual.

Nin lembro como foi a proba, do nervioso que estaba.

O seguinte que lembro é unha chamada de Eva dicíndome que lles gustaría contar comigo na montaxe. Buf. Iso non se esquece. A primeira vez que te chaman para dicirte que vas traballar profesionalmente, non se esquece, é un soño feito realidade. Creo que toquei o teito do bote de alegría que peguei. Os seguintes meses foron estar no ceo. Non podía crer que por fin estivera traballando no que me gustaba, que me pagaran por divertirme cos meus amigos. Foi estar en familia todo o tempo que durou, aprendendo, desfrutando, xogando. Foi como estar en familia e dalgunha maneira, segue sendo. Nunca poderei darlle as grazas o suficiente a Eduardo, Luma, a **Teatro do Noroeste** por darme esa oportunidade. Por permitirme comezar a miña carreira e ver que o que realmente necesito na miña vida é ser actor. Grazas. Quérovos.

Fernando Tato



## ALTA COMEDIA





producido por

TEATRO DO NOROESTE, S.L.



# alta comedia

de eduardo alonso

[ dirección ]  
eduardo alonso

antonio  
simón

rebeca  
montero

luma  
gómez

subvencionado polo



ALTA COMEDIA  
de Eduardo Alonso

Estrea:  
Auditorio Municipal Torrente Ballester  
de Ferrol (A Coruña)  
25-10-2001





Xosé Vilarelle

Profesionalmente traballar con **Teatro do Noroeste** significou unha estabilidade profesional e económica que hoxe en día case resulta imposible de realizar. Como actor agradecer a Antón, ao Papa, a Borgita, ao teniente Colombo e a tantas outras personaxes que me permitiron disfrutar desta profesión. Persoalmente agradecerlles a Luma e a Eduardo a oportunidade que me brindaron. Ser honestos nesta profesión non é moi habitual.

Grazas, parella.



**CAMPO SUR**





**CAMPO SUR**  
de Lino Braxe

Estrea:  
Igrexa da Madalena,  
Festival Internacional de Ribadavia (Ourense)  
23-05-2000



## A CATEDRAL DOS SOÑOS

Isto foi o que fixo **Teatro do Noroeste** desde o seu nacemento: construír unha catedral de soños. Unha catedral para que o soño do teatro puidese encontrar o seu refuxio. E dentro dese espazo sagrado, os invitados a soñar, podían gozar de soños costumistas, surrealistas, cómicos, dramáticos, absurdos, modernos, antigos, intrigantes, amorosos, aventureiros e cruéis. Sempre entendín a arte como unha relixión. Unha máis das que habitan o planeta, pero desde logo a máis universal, porque nela conviven artistas de todo tipo de relixións, e laicos, e ateos. O noso oficio permite reunilos a todos. Somos a crenza máis democrática e heteroxénea do mundo. E a conciencia democrática e a procura dunha incidencia no mundo foron dous dos motores que moveron os andares de **Teatro do Noroeste** polos camiños da vida e da escena. Non lembro ningún dos seus montaxes que non pretendese facer máis habitable a Terra, nin que non ambicionase ter un eco no maior número posible de seres humanos. Facer pensar desde a creación, crear diversión desde a reflexión. Por iso, por ese espírito de incidencia, Noroeste, non é unha compañía só de Santiago, nin o seu territorio natural é só Galicia; na súa catedral poden orar navegantes de todos os continentes. Ese é o legado que nos deixan Luma Gómez e Eduardo Alonso, unha catedral mariña na que todos e todas podemos vogar sen necesariamente ser galaicos. Isto é: un legado universal. Grazas por todos os textos que me encargastes, grazas por ser a voz en off das vosas radios nos vosos espectáculos, grazas por dirixirme como actor, por iluminar as miñas propias aventuras teatrais e, en resumo, grazas por confiar nun artista distinto e, o máis importante, grazas pola vosa amizade, na saúde e na enfermidade. Longa vida a **Teatro do Noroeste** no seu XXX Aniversario.



Lino Braxe



## AS DAMAS DE FERROL





# As damas

de Ferrol de EDUARDO ALONSO



LUMA GÓMEZ

ELINA LUACES

DIRECCIÓN  
EDUARDO ALONSO

producción por



una colaboración de



subvencionado por



AS DAMAS DE FERROL  
de Eduardo Alonso

Estrea:  
Auditorio Municipal Torrente Ballester  
de Ferrol (A Coruña).  
17-10-2002





### 30 RECORDOS de Teatro do Noroeste:

A nave de Eduardo, a B.S.O da igrexa do lado que competían en paixón e intensidade cos ensaios, o frío durante as lecturas previas ós ensaios, as catalíticas ou os bocatas de panceta da Mucha para combater o frío dos ensaios en inverno, os bolos na Sala Yago, o camerín da Sala Yago, as estreas cheas no ambigü do teatro Principal de Santiago, aquel casting do *Romeo e Xulieta*, o quecemento antes da estrea do *Romeo* no Principal, a presentación de Agustín da peza para institutos no Teatro Rosalía, a sesión de fotos de *Extrarradios* na parada do autobús de Ameixenda, a proba do vestiario de Raquel na tenda da Rúa Real, aquela función perfecta de Alacante, Sevilla, a complicidade no último baile entre Raquel e Mendiga, a agulla no ollo, Alfredo Alberte ou como cona se chamase, Eduardo perseguindo ós actores co boli bío azul e os TC4 na man, anos de moitos Tes4, e anos de poucos...Tranquilos todos tranquilos, Eva Alonso entrando con bolsas do Berska, o disparo de Xulieta, o chándal dun dos Capuletos, a tripulación de *Piratas*, a capa de Catarina de Siena, Paco fumando a cámara lenta, os seus bocetos, Luma.

Parabéns **Teatro do Noroeste**. Grazas.

Victoria Pérez



ENSAIO



Este espectáculo  
está dedicado  
a todas aquellas personas  
que se esfuerzan  
e se esfuerzan  
en conseguir  
que o teatro  
agrade na sociedade.



luma gómez    manuel areso

# ensaio

de eduardo alonso

dirección: eduardo alonso

producido por  TEATRO DO NOROESTE, S.L.



www.teatrodonoeste.com

ENSAIO  
de Eduardo Alonso

Estrea:  
Sala Yago, Santiago de Compostela  
04-03-2004





Eu escribira *A grande noite de Fiz* como guión de cine, pero Eduardo Alonso convenceume facilmente de que o transformase nunha peza para escena. Logo, permitíume estar presente nos ensaios -algo que aos actores, comprensiblemente, non lle gusta-. Foi un dos maiores agasallos da miña carreira, este de velos en faena, de poder contemplar o milagre de insuflar vida nun texto. Observando o traballo de dirección de Eduardo e rigor dos intérpretes aprendín todo o que sei de teatro. Sobre todo, aprendín que o teatro é a arte dos matices e a disciplina da propia sensibilidade. Non hai nada na literatura nin no cinema que se lle poida comparar. Para o autor, o actor é o lector perfecto, un lector que memoriza e interioriza o texto para repetilo coa súa propia voz case a diario durante semanas. Por iso, igual que ninguén comprenderá nunca un texto como o actor e director de escena, quizais só un autor poida valorar de todo o esforzo que pon a compañía en recrealo. Desde aquela, sempre que penso no teatro póñolle a cara dos amigos de **Teatro de Noroeste**. Pensando niso escribin logo *Historias peregrinas*, que era sobre todo unha humilde e sentida homenaxe a eles. "Feliz aniversario da compañía" dicía un dos personaxes. O mesmo volvo dicir eu agora.

Miguel-Anxo Murado





Muller,  
non  
é  
para  
tanto

## A TIXOLA POLO MANGO





# Teatro do Noroeste

presenta a **Luma Gómez** en

**A tixola polo mango**  
*(Muller, non é para tanto)*

Texto e dirección:  
**Lola Correa**



Intervención: Eduardo Arino - Escenografía e iluminación: Egoitz Telleri - Selección Musical: Roberto Meléndez - Gestión Técnica: RTA Placencia Técnica Artxaba S.C.L.  
Fotografía: Tino Vitor/Margot Fotografía - Apoyos: Sora Yago S.L. - Asesoría de producción: Eva Alonso

**A TIXOLA POLO MANGO**  
(Muller, non é para tanto)  
de Lola Correa

Estrea:  
Marco (Museo de Arte Contemporáneo)  
Vigo  
03-05-2008



## Monti Castiñeiras

Eu levaba uns cinco anos sen facer teatro. Empezara a miña aventura como actor na desaparecida compañía Ítaca de Vilagarcía. Só me subira a un escenario unhas poucas veces para representar dúas obras. Pero un día, alá polo ano 1990, recibín unha chamada de Eduardo Alonso. Era nada menos que para traballar na súa próxima montaxe, *O rei Lear* de Shakespeare. E facendo dous importantes papeis na obra, o bufón e máis o conde de Kent. Todo un reto, que coma sempre, afrontei cun nó na gorxa. Penso que non saíu mal de todo. Eu preguntábame por que me chamaban a min estas persoas, que xa daquela eran das máis importantes da escena galega.

Luma e Eduardo coídáronme coma a un fillo. Vivín unha experiencia incrible. Volvín ter contacto coa marabillosa familia do teatro, e aprendín moito deles.

Recordo o día da última función da xira. Recordo as miñas bágoas pelexando por saír dos ollos. E recordo os bicos e os abrazos con todo o elenco, e especialmente con Luma e con Eduardo. Quizais, algún día, volvería traballar con eles... Se cadra volvíanme chamar.

Volvérono facer un ano despois, para *Os xustos*, de Camus. Por unhas cousas e por outras, acabei rexeitando un fermoso papel protagonista. Pero, sobre todo, por medo, (paranoias persoais). ¡E mira que insistiron! Arrepentínme toda a vida. Cando fun á estrea, vivín o espectáculo coma se eu fose parte del. Saín satisfeito, polo que me agradou, e deprimido por telo rexeitado.

Comentábase por aqueles tempos, entre as bambalinas da profesión, que quen lle dicía "non" a Eduardo non volvía traballar con él. Non sei que había de certo naquel rumor. Comigo non foi así. O caso é que volveu soar o teléfono no ano 1996. Ofrecéronme substituír ao meu querido Xavier Estévez en *Noite de reis*, de Shakespeare. Fixeno. E volvínome sentir actor outra vez. Xa empezara a facer pequenos papeis no audiovisual, pero nunca tiven moitas ofertas para facer teatro; unhas tres ou catro ao longo de tantos anos. E eu sempre as rexeitei por diversas razóns. Só Eduardo e Luma me chamaban de cando en vez, e xa non lles podía, nin quería, dicir que non.

As anécdotas que vivés no teatro son únicas. Eu teño un lote delas, que son parte da miña vida, grazas ás experiencias compartidas con esta xente. E xa non mas quita ningún.

A miña admiración por eles e o cariño (que creo que é mutuo), medrou cos anos.

Xa van alá trinta pelexando por este teatro galego. Foron pioneiros e agora son aliceceros. Se existe o teatro en galego é porque algúns tolos, entre os que se atopan eles, hai varios lustros, empeñáronse en que así fose.

A última "arroutada" de **Teatro do Noroeste** na que tiven a honra de participar foi o musical *Glass City* no 2009. En dez anos ningún me chamou para ofrecermes facer teatro. Pero aí estaban eles de novo para contar comigo. Só a estes se lles pode ocorrer, coa crise que sempre anda enriba da farándula, montar un musical con quince intérpretes no escenario. Fixérono. E fixérono ben. Foi, polo momento a última montaxe na que traballei.

E aí seguen, arriscando e creando. E facendo cultura e país. ¡Por outros trinta anos, como mínimo, de Noroeste! Sintome orgulloso de tervos no meu currículo Querévos!

Decembro de 2016

## CONFESIÓN





**REPARTO:**

Eduardo Alonso · Alejandro Carro

Voz de Laura\_Rebeca Montero

Brais Morán\_Selección musical

Productora morta\_Video

Carmela Montero\_Vestuario e maquillaxe

Equipo Taetro\_Escenografía e indumentaria

Eduardo Alonso\_Iluminación

Luma Gómez\_Dirección

**CONFESIÓN**


de Eduardo Alonso

Estrea:

Auditorio Municipal Torre Ballester

de Ferrol (A Coruña)

07-04-2005





### 30 anos non é nada.

"Facer teatro nace dunha necesidade de contar historias.

Facer teatro require moito esforzo.

Sacar adiante unha compañía 30 anos é un acto de amor improbo por unha profesión rigorosa e marabillosa a partes iguais.

Cunha administración e uns dirixentes que non fan política cultural e moito menos galega, manter unha compañía 30 anos é un prodixio.

Luma e Eduardo sempre respectaron aos compañeiros e coidaron os seus espectáculos.

As cousas están como están, pero **Teatro do Noroeste**, chegado aquí, que siga outros 30 anos.

E nós, que o vexamos".

Rebeca Montero





## A CASA DO PAI



# A CASA DO PAI

CON  
LUMA GÓMEZ  
LOLA CORREA  
JAVIER FERREIRA

TEXTO E DIRECCIÓN  
CARLOS ÁLVAREZ OSSORIO



una coprodución de



CÁMARA NEGRA  
TEATRO

NOESCAFÉ  
TEATRO

colabora

festiv@lugo

PRODUCCIÓN: TROUZA



A CASA DO PAI  
de Carlos Álvarez Ossorio  
(en coprodución con Cámara Negra  
e Noescafé Teatro)

Estrea:  
Auditorio Municipal Torrente Ballester  
de Ferrol (A Coruña)  
07-04-2005



Elina Luaces

Con **Teatro do Noroeste** participei en tres espectáculos. Como actriz, en *Medea* e *As damas de Ferrol* e dirixindo a *Luma*, en *Campo Sur*. Estupenda experiencia nos tres casos, tanto persoal como profesionalmente. Ata pronto.





## IMPERIAL



## CAFÉ CANTANTE Vigo 1936



**REPARTO:**

Carlos Mosquera "Mos" - Imma Antón - Luma Gómez -  
Miguel Pernas - Ramón Orendico - Xavier Estévez - Xan Casas -  
Brandán Lourenzo - Xosé Vilarelle - Maxo Barjas

Bernardo Martínez Vestuario e maquillaxe

Paco Conesa Escenografía e indumentaria

Eduardo Alonso Iluminación e dirección



TEXTO, ESCENOGRAFÍA, VESTIARIO, ILUMINACIÓN, MÚSICA ORIGINAL

**IMPERIAL: CAFÉ CANTANTE. VIGO 1936**  
de Eduardo Alonso

Estrea:  
Teatro Principal de Santiago de Compostela  
09-10-2006





Tino Viz

Non é posible que pasara tanto tempo. Inda era onte cando sentado no café Paradiso remexía con Eduardo nas caixiñas de diapositivas de *Medea*. Era o primeiro compás dunha partitura que **Teatro do Noroeste** segue a escribir con cadencia cartesiana. Sen silencios.

Teño no arquivo sonoro o “click” que, sempre de maneira lineal e nos pases previos a estrea, me fixo de metrónomo do tempo que o director pousou en cada escena; agora lento, agora presto. Agora *allegro ma non troppo*. O teatro mesmo.

O privilexio da proximidade permítilme situarme no fio das táboas, sentir a transpiración da compañía ó longo dos anos. Permittime tamén a amizade.

Estou seguro que a **Teatro do Noroeste** inda lle restan moitos compases nesta longa partitura.

Desconecten os móbiles e as cámaras. ¡Arriba o pano!

Compostela 14 de decembro 2016



## ROMEO E XULIETA







**REPARTO:**

Luma Gómez · Cristián Escuredo · Sara Casasnovas ·  
Antela Cid · Fernando Tato · Alejandro Carro · Omar Rabuñal Varela ·  
Victoria Pérez Varela · Fernando González · Aitor Rei · Jacobo Bugarín Osorio

Equipo Taetro\_Escenografía e vestuario

Brais Morán\_Selección musical

Jacobo Bugarín Osorio\_Deseño gráfico

Tino Viz (Margen Fotografía)\_Fotografía

Eva Alonso\_Producción

Eduardo Alonso\_Dramaturxia, iluminación e dirección



**ROMEO E XULIETA**  
de William Shakespeare

Estrea:  
Teatro Principal de Santiago de Compostela  
29-03-2007



### 30 ANOS NA TRINCHEIRA

Eran dous, mais compartían un mesmo enorme e brillante corazón. Dese mesmo corazón naceu a vontade de construír unha trincheira. Unha trincheira desde a que resistir e erguer barricadas de futuro... Até un nome lle puxeron: **Teatro do Noroeste**.

Aquel enorme e luminoso corazón que os dous eran amaba o teatro. E era amor do bo. Ese amor que significa respecto, paixón, rigor, esforzo, xenerosidade, perseveranza... E desde ese amor convidaron a outras xentes a compartir a súa trincheira, a erguer barricadas en forma de espectáculos... Por iso esas outras xentes sempre estarán en débeda co enorme e luminoso corazón que Luma Gómez e Eduardo Alonso son. Por iso é moito o que o teatro do noso país lle debe a **Teatro do Noroeste**.


Tanto futuro construíron que mesmo Eva Alonso é agora herdeira para manter esa trincheira, para que as barricadas se manteñan en pé... E é que á volta de trinta anos, aquela trincheira, aquelas barricadas son, para moitos, un fogar.

Eu son una desas outras xentes ás que Luma e Eduardo convidaron un día a ese seu fogar teatral. Para resistirmos xuntos, para construír barricadas de futuro, para rir, para esforzarnos, para sempre perseverar... E é moito o que aprendin e moito o que compartin nese seu fogar que un día me brindaron. Tanto e tanto lle debo a **Teatro do Noroeste** que -coma a triste Cordelia- non sabería como empezar a contalo... Así que se me preguntades, como se fai aquí, á galega: "e ti, ¿de quen vés sendo?", responderéivos sempre cun sorriso ancho: "eu sonche dos de Noroeste".


¡Feliz aniversario, meus amigos! ¡Anotádeme aí para outros trinta máis!



Imma Antónío Souto



## EXTRARRADIOS



AO MELLOR ESPECTÁCULO E MELLOR INTERPRETACIÓN FEMININA A VICTORIA PÉREZ

**EXTRARRADIOS**  
(Comedia das mulleres desamparadas)  
de Eduardo Alonso

Estrea:  
Teatro Principal de Santiago de Compostela  
16-01-2008





Cando Eduardo me propuxo facer o casting para *Glass City* pensei... "están mal da cabeza, ¿cómo vou poder interpretar unha personaxe? ¿Falar nun teatro? ¿Aprender textos?... " e aínda así dixen, "¿por que non? É soamente un casting e seguramente ni me collan", pero, a pesar de que non quixen nin aprender o texto do casting, confiaron en min cando eu non o facía. Toda a miña vida agradecerille a Norceste a oportunidade que me deu hai 7 anos, foi unha das experiencias máis bonitas da miña vida.

Foron uns meses inesquecibles para min, aprendín moitísimo, fixen cousas que xamais pensei que sería capaz de facer... e coñecín xente marabillosa, amigos, compañeiros... que mo puxeron sempre todo moi fácil e axudábanme en todo o que necesitaba. Grazas **Teatro do Noroeste** por deixarme ser parte destes 30 anos de historia, espero seguir cerca de vós outros tantos.


Julia Méndez Suárez



## GLASS CITY







#### REPARTO:

Xavier Estévez · Luma Gómez · Carlos Mosquera "Mos" · Maxo Barjas ·  
Monti Castiñeiras · Fernando Tato · Cristián Escuredo · Ramón Orencio ·  
Xan Casas · Fernando González · Fernando Tato · Brandán Lourenzo ·  
Brais Morán · Julia Méndez · Julia Sánchez

Paco Conesa \_Escenografía e vestuario

Bernardo Martínez \_Composición e dirección musical

Chedes Suárez \_Coreografía

Tino Viz (Margen Fotografía) \_Fotografía

Eva Alonso \_Producción

Imma Antónío \_Axudante de dirección

Eduardo Alonso \_Iluminación e dirección

**GLASS CITY**  
cidade de cristal  
de Eduardo Alonso

Estrea:  
Teatro Jofre de Ferrol  
24-09-2009

CONTE PLOT



Para a cena  
"Glass City"

Costume 12



Para a cena  
"Glass City"  
Costume 13



"Glass City"  
Cena 14



Para a cena  
"Glass City"



"Glass City"  
Cena 15

Para a cena  
"Glass City"

CONTE



Para a cena  
"Glass City"



Para a cena  
"Glass City"



Para a cena  
"Glass City"

Costume 14



Para a cena  
"Glass City"

Costume 15



Para a cena  
"Glass City"



Para a cena  
"Glass City"

Costume 16

## CONTEXUALIZANDO

Foron varias as ocasións nas que tiveron o gran gustazo de traballar cos bos amigos de **Teatro do Noroeste**. A primeira delas foi nos comezos dos anos noventa do século pasado, etapa á que corresponde a presente carta... O certo é que cinco lustros máis tarde subscribo tódalas palabras escritas na epistola... ¡¡Avanti Partisanos, até a Vitoria sempre!!

A Coruña, 24 de decembro de 1992

Amigo Eduardo:

Do mesmo modo que creo que tiveron unha relación moi estreita co resto dos compañeiros da Compañía, considero que polas circunstancias nas que se moveu a xira do "Fiz", non tivemos moitas oportunidades de falarmos ti e máis eu.

Aproveito, pois, a presente, se cadra pola necesidade que sinto de che corresponder, para cubrir algún burato pendente, algo así como a xeito de déboda de palabras.

Desde sempre eu pequei de por amor de máis en tódalas cousas que facía ou compartía. Pero nos últimos meses, vinme superado... e precisamente me vin superado ó comprobar que hai xente que tampouco escatima nin un átomo de paixón na súa actividade artística.

Teño participado da loita e inquietude de moitos grupos humanos, moi distintos e variados entre si, pero tiveron a sorte de descubrir durante este ano, a grande calidade humana e de traballo que aniña nos vosos corazóns.

De verdade, Eduardo, "chapeau". Ti e os teus sodes moito. Non sabedes -ou si- o que tendes nas vosas mans. Adiante. Eu, dalgunha maneira, e moi dentro de min, sintome ligado a ese grupo humano. E "forever and ever" participarei das vosas alegrías e, así mesmo, contade comigo para axudar no que boamente poida.

Se hoxe estou triste pola miña retirada aos cuarteis de inverno, tamén me sinto ledo ó saber que a lapa da antorcha non se vai extinguir.

Sodes grandes, o voso camiño non pode facer máis que ensancharse...  
Unha fortísima aperta... nese camiño habémonos de atopar..

Miguel

MIGUEL PERNAS



## ROMEU E JULIETA



em produção

ACE TEATRO DO BOLHÃO

**ROMEU E JULIETA**  
DE  
**WILLIAM SHAKESPEARE**  
ENCENAÇÃO E ADAPTAÇÃO  
**EDUARDO ALONSO**

M/12

TEATRO MUNICIPAL SÁ DE MIRANDA  
VIANA DO CASTELO  
geral@centrodramaticodeviana.com  
TEL: 258 823 259

ACE/TEATRO DO BOLHÃO  
PORTO  
5 A 23 MAIO  
teatrodobolhao@ace-tb.com  
TEL: 222080052

estrutura financiada

TEATRO MUNICIPAL SÁ DE MIRANDA  
M/C  
ARTES  
MUNICIPAL DE VIANA DO CASTELO  
MUNICÍPIO DE VIANA DO CASTELO  
MUNICÍPIO DE VIANA DO CASTELO  
MUNICÍPIO DE VIANA DO CASTELO  
MUNICÍPIO DE VIANA DO CASTELO  
MUNICÍPIO DE VIANA DO CASTELO

**REPARTO:**

Ângela Marques · António Alves Vieira · Cristóvão Carvalheiro · Fábio Sousa ·  
Manuela Paula · Márcio Carneiro · Rebeca Cunha · Ruben Andrade ·  
Sara Barros Leitão · Silvano Magalhães · Tiago Araújo

António Capelo Tradução

Lola Sousa Arranjos de vestiário

Brais Moram Sonoplastia

Diogo Sant'Ana Coreografia

Maria do Céu Ribeiro Apoio de voz

Pedro Carvalho Direcção técnica

Eduardo Alonso Direcção artística (dramaturxia, escenificación,  
espazo escénico e deseño de iluminación)

**ROMEU E JULIETA**

de William Shakespeare

(en coproducción con Teatro do Bolhão de Oporto  
e Centro Dramático de Viana do Castelo)

Estrea:

Teatro Municipal Sá de Miranda, Viana do Castelo  
(Portugal)

09-04-2010



Houbo un tempo no que grandes dinosauros poboaban a terra, ata que un pedrolo caseu do ceo e bateu contra o Iucatán esfarelando medio mundo e varrendo unha grande parte da poboación saurópoda. Xurdiu así un pulo inesperado de mamíferos de medio pelo.

Algo semellante seica aconteceu no panorama teatral galego hai uns anos, cando unha crise, disque tamén caída do ceo, acabou cos nosos benqueridos dinosauros teatrais por mor de tanto 'mamífero' solto no noso delicado ecosistema.

**Teatro do Noroeste** era un daqueles grandes dinosauros, con espectáculos de grande formato, elenco cumprido, bailarinos e músicos en directo, ó que non lle quedou outra que asimilares a súa propia evolución. E así como a vida no xurásico, tivo que optar por reducir drasticamente o tamaño das súas producións.

Pero o que nun caso foi inevitable, noutro resulta dunha fonda tristura e inxustiza.

Claro está que nin podo nin quero ser obxectivo, pois cando tiveren o privilexio de que esta empresa familiar contase co meu modesto facer, sempre me amosaron o seu lado familiar e non o empresarial.

Xa que logo, máis de cinco lustros de actividade teatral, estreas, xiras, éxitos, premios e recoñecementos podíanse ver asclagados pola incompetencia, desidia e felonía daqueles que na vez de termar da nosa cultura, non tiñan reparo en poñer atrancos e interquincias naquilo que máis noso é.

Sorte que aínda contamos con dinosauros do tamaño e enerxía de Eduardo Alonso e Luma Gómez, que seguirán loitando por sobrevivir a pesares de tanto político mamón e mamífero.

XAN CASAS





## HISTORIAS PEREGRINAS





**HISTORIAS PEREGRINAS (2)**  
de Miguel Anxo Murado

Estrea:  
Pazo da Cultura de Narón (A Coruña)  
24-09-2010





BERNARDO MARTÍNEZ

### Moito soñei esta noite.

Ao lonxe pasaba un rinoceronte que escapara dun pequeno zoo.

Eu tocaba o saxofone nun andamio invisible, e abaixo había unha vaca frisona que estaba a contar historias doutros animais parlanchíns e xentes pouco comúns.

O andamio fíxose palco florido onde, rodeado de outros músicos, animábase unha feira antiga, con xigantes e cabezudos, monicreques e animais variados.

Había postos de verdura, e as Marias bailaban con estudantes mentres voaban ectoplasmas escuros. Uns xigantes vestidos de follas pasaron veloces pola nosa beira.

Eu tiña a cabeza con tentáculos de polbo e, con outros semellantes, saíamos do mar na praza do Obradoiro e tocábase bombos. Ali apareceu o sepulcro do Apóstolo subido nun ovni luminoso poboado de anxos equilibristas.

O palco estaba agora nun bar estraño dunha cidade que despois era outra. Alí había moito enredo de militares, espías e conspiradores, e tamén bailarinas. Crin ver a Elvis tomando alí unhas copas.

Do outro lado das paredes escoitábase o canto dos evanxelistas.


Saín de alí metido nun carro duns comediantes. Pararon nun lugar, e o sol e a lúa comezaron a cantar unha canción para crianzas, despois cantaron tamén uns tesouros soterrados... ate que unha meiga fixo un esconxuro, e todo comezou a dar voltas, e aparecín deitado nun escenario escuro dun teatro pechado, onde había vultos e decorados empaquetados. Daquela acordei.

¡Que cousa rara o mundo dos soños!

(Todo isto foi vivido con **Teatro do Noroeste**)

## ÚLTIMO COWBOY





AO MELLOR ESPECTÁCULO E MELLOR INTERPRETACIÓN MASCULINA A MIGUEL PERNAS

ÚLTIMO COWBOY  
de Eduardo Alonso

Estrea:  
Auditorio Municipal de O Carballiño (Durense)  
06-09-2011





Eu non existiría como actriz sen Eduardo Alonso e **Teatro do Noroeste**. É así de rotundo, el foi a segunda persoa que confiou en min e pensou que eu podería actuar, el foi o segundo director co que subín aos escenarios. Con **Teatro do Noroeste** aprendín a ser actriz, a amar o teatro, a xogar, divertirme, sacar para fóra dos que cría os meus límites, respectar dunha maneira case sacra ao público e aos meus compañeiros, a escoitar, pensar, ensaiar, confiar...Teatro do Noroeste confiou en min para o que sería o meu terceiro traballo profesional e volveu facelo para moitísimos máis montaxes. Tantos personaxes, reunións, risos, nervios; tanto frío en locais onde ensalabamos cos abrigos postos e botabamos fume pola boca ao dicir o texto, ¡tanto calor en locais onde caía o chapapote enriba das nosas cabezas!...¡Viaxes, xiras gastroteatrais, viños, copas...! Tremer antes das estreas, mexar de risa algunha que outra vez enriba das táboas... Ilusións, premios, desesperanza, sobrevivindo contra o decaemento, creando... ¡30 anos de loita, tanta loita! Gracias sempre Luma e Eduardo, gracias pola confianza en min, gracias por todo o que aprendín de vós. ¡Noraboa por todo o conseguido, noraboa por seguir en pe, noraboa para o teatro!

BELÉN CONSTENLA



## PIRATAS





# PIRATAS

de Eduardo Alonso



## REPARTO:

Alejandro Carro - Fernando González -  
Victoria Pérez - Laura Miguez -

Paco Conesa\_Escenografía e vestuario  
Brais Moram\_Selección musical  
Tino Viz (Margen Fotografía)\_Fotografía  
Titeres Cachirulo\_Construcción de monicreques  
e elementos escénicos

Eva Alonso\_Producción  
Luma Gómez\_Axudante de dirección  
Eduardo Alonso\_Texto, iluminación e dirección



PIRATAS  
de Eduardo Alonso

Estrea:  
Auditorio Municipal Torrente Ballester  
de Ferrol  
14-10-2011



"Piratas"  
 Ollivier, Alana. Fernando Gonçalves  
 2016



"Piratas" Juan Miguel  
 "Piratas"  
 2016



"Piratas"  
 Gabriela Victoria Viegas  
 2016



"Piratas"  
 Iêda Costa  
 2016



2016

"Piratas"  
 La Salin de  
 los Piratas

MAXO BARJAS



#### «SI TÚ ME DICES VEN....»

Son unha privilexiada, tiven a sorte de traballar con esta compañía, tan só en dúas ocasións, pero foi nas dúas únicas ocasións que tiven a honra de que alguén escribise unha personaxe para min. Estes espectáculos foron *Imperial*, *café cantante* e *Glasscity*. Dúas mulleres increíbles agochadas dentro de dous increíbles papeis, en concreto, podo dicir sen medo a equivocarme, que a personaxe de María das Neves de *Imperial*, *café cantante* foi a mais intensa, gratificante e satisfactoria experiencia teatral da miña carreira. A outra muller que me regalou Eduardo Alonso foi Beatriz Rivero de Castro, en *Glasscity*, nesta ocasión a compañía tivo a enorme deferencia para comigo de agardar a que eu levase a termo o meu embarazo, cando, perfectamente, podían ter optado por escoller outra actriz para o papel. Traballar nesta compañía supuxo ir cada día ao traballo alegre, contenta, con ganas de máis e máis, sentíndome sempre valorada e respectada, sempre arroupada e coa sensación de que se sacaba todo o meu potencial como actriz, en definitiva, un pracer. Por outra banda hai que destacar a valentía que supuxo contratar elencoos numerosos e coa incorporación constante de xente nova. Penso que **Teatro do Noroeste** é a referencia máis importante que pode ter o teatro galego de cómo se deben facer as cousas. Foi un pracer e un luxo tan grande traballar con eles que como reza o bolero: «si tú me dices ven, lo dejo todo.» esta compañía non debe ter dúbida ningunha de cal sería a miña resposta se, nalgún momento, teño a honra de que me volvan chamar. Só me resta expresarlles a miña gratitude e desexarlles moitas felicidades. ¡Longa vida a **Teatro do Noroeste**!

## LINDA AND FREDDY, ILUSIONISTAS



**REPARTO:**

Luma Gómez- Eduardo Alonso

Lino Braxe - Alejandro Carro

Equipo Taetro\_ Escenografía e vestuario

Bernardo Martínez\_ Canción de Linda

Tino Viz (Margen\_ Fotografía)\_ Fotografía

RNE en A Coruña\_ Gravación de voces

Imma Antón\_ Axudante de dirección

Eduardo Alonso\_ Texto, iluminación e dirección

LINDA AND FREDDY, ILUSIONISTAS  
de Eduardo Alonso

Estrea:

Salón Teatro de Santiago de Compostela

10-01-2013



## Teatro do Noroeste

Non parece que pasara tanto tempo, trinta anos. Trinta son case tamén os anos que hai que me subín a un escenario por primeira vez como actor profesional; fixeno, en realidade ao ano seguinte ao da fundación da compañía. Ata agora mesmo, mentres escribo estas liñas, non era consciente de que a miña vida profesional e a existencia de **Teatro do Noroeste**, tiñan practicamente a mesma idade. Daquela, cando eu empecei, os integrantes de **Teatro do Noroeste**, eran, desde o meu punto de vista, uns tipos admirables, aos que a penas coñecía, pero que xa eran un referente para min, xa que tiñan no seu haber (ao igual que algúns outros da súa xeración) a creación do Centro Dramático Galego, a participación na refundación do teatro profesional galego ademais da enorme ousadía de fundar unha compañía de teatro, ou o que é aínda mais ousado, unha empresa. A actividade empresarial sempre me pareceu ousada, pero no caso do noso sector, antóllaseme, máis ben, heroica. Desde aquel momento, aínda que non foi a primeira compañía profesional de Galicia, si empezou a marcar un xeito propio de facer as cousas, non porque outros non as quixesen facer ben, senón máis ben, porque outros non puideron ou non souberon facelas mellor, o caso é que chegaba ao panorama teatral unha compañía disposta a profesionalizar a actividade, pero non tan só obtendo un nif, senón tamén tendo un proxecto teatral artístico a medio-longo prazo e tamén un proxecto empresarial, alén de cumprir coas súas obrigas cos traballadores de xeito exemplar. Certamente sentínme un privilexiado a primeira vez que esta compañía contou comigo, foi en *A grande noite de Fiz*, de Miguel Anxo Murado. Enroláronme como actor, pero tamén para desenvolver unha actividade que moito me ten aportado posteriormente na miña vida profesional, tal que é a de axudante de produción. Despois diso tiveron a fortuna de continuar a traballar con eles en oito espectáculos máis. Tiveron tamén con eles a enorme honra e o privilexio de interpretar dous papeis escritos por Eduardo Alonso para min, en *Imperial café cantante*, *Vigo 1936* e en *Glass city*. Creo que co dito ata agora, enténdese ben que me sinta tan vinculado, ademais de agradecido a **Teatro do Noroeste**. Pero os méritos desta compañía non poden medirse en función da súa relación cun actor, non, os seus méritos deben medirse en función ás súas achegas ao teatro, e máis concretamente ao teatro galego. Con trinta e catro espectáculos en trinta anos dos que nada menos que doce son orixinais de Eduardo Alonso e un total de vintedous son de autores galegos, isto por si mesmo, define unha clara aposta polo teatro de autor galego; pero non queda aí a cousa xa que entre as restantes, atopamos revisións dos que poderíamos chamar «clásicos» en nove espectáculos máis que van desde Eurípides a Camus, pasando, como non, por William Shakespeare ou Caron de Beaumarchais. Trátase, en fin, no seu conxunto dunha das máis importantes achegas ao noso teatro desde unha entidade privada. Non quero estenderme mais, aínda que ben podería dedicar longos escritos aos compoñentes da compañía individualmente, aos que son e tamén aos que foron, pero creo que todo o que poida dicir resúmese nunha palabra: ¡GRAZAS!

XAVIER ESTÉVEZ



**TOUPORROUTOU  
DA LÚA E DO SOL**







REPARTO:

Victoria Pérez · Alejandro Carro ·  
Fernando González · Laura Míguez


Paco Conesa\_ Escenografía e vestuario  
Bernardo Martínez\_ Dirección e composición musical  
Tino Viz (Margen Fotografía)\_ Fotografía  
Alejandra Lorenzo\_ Deseño gráfico  
Roberto Pascual\_ Unidade didáctica  
Eva Alonso\_ Producción  
Luma Gómez\_ Axudante de dirección  
Eduardo Alonso\_ Iluminación e dirección

TOUPORROUTOU DA LÚA E DO SOL

de Roberto Vidal Bolaño  
(en coprodución co Centro Dramático Galego)

Estrea:  
Salón Teatro de Santiago de Compostela  
04-10-2013







A MAMMA



REPARTO:  
Luma Gómez

Tino Viz (Margen Fotografía)\_Fotografía  
Eva Alonso\_Diseño gráfico e produción  
Eduardo Alonso\_Escenografía, iluminación e dirección

A MAMMA  
de Lino Braxe

Estrea:  
Zona C de Santiago de Compostela  
26-03-2014





30 anos adicados ao teatro galego merecen un enxordecedor aplauso. Falar de **Teatro do Noroeste** é citar a casíña onde moitos botamos a andar. Eu aínda non chegara a este mundo cando **Teatro do Noroeste** xa gastara as táboas. Medrei eos ventos do éxito dunha sala, de grandes montaxes, de numerosas actrices e actores de todas as idades.

E cando estaba aprendendo a camiñar tiveren a sorte de poder COMPARTIR con Luma, con Eduardo, con Vicky, con Álex, con Fer, con Bernardo, con Paco, COMPARTIR con todas as letras.

Con eles puíden ser o grumete máis espelido dun barco acompañada de maravillosas persas que sempre admirara. Con eles recibín o agasallo de 8 personaxes nunha mesma peza. Seguirei compartindo, aprendendo e camiñando sempre agradecida a **Teatro do Noroeste**.

LAURA MÍGUEZ





**SELECCIÓN  
NATURAL**



TEATRO DO NOROESTE Galicia y TRANVÍA TEATRO (Compañía titular del Teatro de la Estación) Aragón

# SElección NATURAL

de lola correa



Reparto POR DECEN DE APARICIÓN Luma Gómez - Cristina Yáñez

Compañía Teatro: Silvia de Marta - Música: Miguel Ángel Remiro - Fotografía: Eduardo Alonso - Caracterización: Marta Ana Bruned - Axudante de Dirección: Eva Alonso - Producción: Fernando Vallejo - Dirección: EDUARDO ALONSO

Teatro de la Estación - Zaragoza

AGACX

TEATRO DO NOROESTE

TRANVÍA TEATRO

TEATRO DE LA ESTACIÓN

TEATRO DE LA ESTACIÓN

TEATRO DE LA ESTACIÓN

TEATRO DE LA ESTACIÓN

TEATRO DE LA ESTACIÓN

## REPARTO:

Luma Gómez - Cristina Yáñez

Silvia de Marta\_Escenografía e vestuario

Miguel Ángel Remiro\_Música

Gonzalo Bullón\_Fotografía

12 caracteres\_Deseño gráfico

Ana Bruned\_Caracterización e maquillaxe

Eva Alonso\_Axudante de dirección

Fernando Vallejo\_Producción

Eduardo Alonso\_Iluminación e dirección

## SELECCIÓN NATURAL

de Lola Correa

Estrea:

Pazo da Cultura de Narón (A Coruña)

17-10-2014






## PALABRAS MALDITAS

NA ESCURA ESPAÑA  
DA POSGUERRA

DUAS PESSOAS MARXINADAS, UM PROFESSOR EXPULSADO E UMA PROSTITUTA, SE ESFORÇAM PARA ATOPAR A FELICIDADE.





**REPARTO:**

Sara Casasnovas · Imma Antón ·  
Luma Gómez · Miguel Insua

Lino Braxe\_Voz en off locutor de radio

Paco Conesa\_Escenografía e vestuario  
Fernando Alonso\_Composición musical  
César Seijas\_Proxeccións videográficas  
Dolores Centeno\_Maquillaxe  
Chedes Suárez\_Asesoría coreográfica  
Imma Antón\_Axudante de dirección  
Eva Alonso\_Deseño gráfico e produción  
Eduardo Alonso\_Iluminación e dirección



**PALABRAS MALDITAS**  
de Eduardo Alonso

Estrea:  
Teatro Rosalía de Castro de A Coruña  
15-01-2016





Cunha  
2019

Palabras Malditas  
de Eduardo Alouso.

# HISTORIA CÍCLICA DUNHA COMPAÑÍA

## TEATRO DO NOROESTE

### HISTORIA CÍCLICA DUNHA COMPAÑÍA

O teatro en Galicia comeza a rexurdir nos anos cincuenta e sesenta da traxectoria trazada a principios de século polas Irmandades da Fala; a actividade teatral concéntrase nos grupos de asociacións culturais, de teatros de cámara e nos TEU universitarios, e o compromiso e galeguismo dalgúns dos seus membros, había de dar pé ao nacemento en Galicia do Teatro Independente o que nos levaría á aparición das primeiras compañías e grupos estables de teatro galego, que destacarían polo compromiso político e cultural e o uso do idioma galego como característica fundamental.



Así o teatro galego, tal e como se entende hoxe, foxaría o horizonte do seu futuro nesa época. As compañías e grupos independentes do Teatro Galego terían os seus puntos de encontro, que serían fundamentalmente as Xornadas de Teatro de Vigo e as súas Mostras paralelas, as Mostras de Teatro de Ribadavia ou mesmo as de Cariño que estaban organizadas polo grupo Malveira; e, en 1978 e 1979, a "I Campaña do Teatro Galego", iniciativa que podería ter a súa orixe na "I e II Campaña Nacional de Teatro" organizadas polo Ministerio de Cultura xusto dez anos antes (1968 e 1969).

Rivadavia era o foro por excelencia do teatro galego e alí se daban cita todos os grupos; así foi ata 1980, ano no que as compañías e grupos rachan as súas relacións coa organización; despois diso, celébranse en Sada unhas xornadas nas que participan Teatro da Mari-Gaila, Teatro do Estaribel, Teatro Artello, A Farándula, Compañía Luís Seoane, Troula, Cinza e Tagallo.

É na contorna desas xornadas onde se crea a Asociación Profesional do Teatro Galego (APTG); e onde tamén se fala dun Centro Nacional de Teatro Galego (claro antecedente do CDG) cuxa sede se sitúa en Santiago.

O sector teatral galego comezaba a organizarse na procura de obxectivos comúns para facerlle fronte á desestruturación que estaba a sufrir; acentuada trala desaparición da mostra de Ribadavia, e a malograda campaña de teatro que fora suspendida en plena execución por problemas de índole económico.

Esta situación denotaba a carencia de canles de distribución e exhibición axeitados para o teatro galego, necesarios para acadar a estabilidade e a desexada profesionalización.

Así e todo, nesa época nacerían en Galicia compañías e grupos estables como: Teatro Circo de Artesáns, Esperpento Teatro Joven, Máscara 17, Candeia, o Facho, a Farándula, Asociación Teatral Independente Histrión 70, Teatro Círculo de Perlió, O Mago Antón, a Escola Dramática Galega, Itaca, Antroido, Andrómene, Teatro do Estaribel, Troula, Teatro da Mari-Gaila, Titirít, Os Monicreques de Kukus ou a Compañía Luís Seoane, a primeira en adoptar o termo de compañía na súa denominación.

Se nos anos setenta a actividade teatral comezaba a súa profesionalización, con algo máis de liberdade pola abolición da censura (1977), nos oitenta daría un salto cualitativo coa chegada da autonomía para sentar as bases do actual sistema escénico.

A creación do Centro Dramático Galego, o Arquivo da Imaxe, a Televisión e a Radio Galega, foron logros dese tempo.

Todo isto e máis creación e o desenvolvemento dos circuitos de exhibición, sumado ao potencial e ganas de producir das xentes do teatro, ávidas de acción e cheas de proxectos, lá definir unha década, como a máis florida e reivindicativa do Teatro Galego.

En ese fervello de actividade cultural, nace **Teatro do Noroeste** baixo a denominación de Producións do Noroeste S.A., con xentes que veñen de compañías independentes como: Andrómene, Troula, E.D.G., independentes e mesmo da TVG ou o CDG.

Ninguén podería asegurar entón que aqueles núcleos de produción, nados na resistencia cultural e no chamado teatro independente, ían resistir ao paso do tempo; nin que, en algunhas ocasións, o privado e o público entretecerían un sistema para desenvolver entre ambos un canon propio que ía marcar a idea e a definición do Teatro Galego cunha identidade propia; xa que o Teatro Galego e o seu repertorio constrúese en primeira instancia desde aquí e para nós.

O feito do entretecido entre o público e o privado non é casual, responde por unha banda ao diálogo que xorde nos foros e encontros nos que participan activamente as xentes do teatro; e por outra, ao desempeño de cargos públicos por parte dos profesionais, como a dirección do CDG, o Arquivo da Imaxe ou a Dirección Xeral de Cultura.

**Teatro do Noroeste** tamén contou con recoñecidas e comprometidas persoas do teatro galego que tamén tiveron un pensamento e un compromiso político, cuxa participación enriqueceu os programas e os deseños institucionais das políticas culturais; e o caso de Eduardo Alonso, teatreiro merecedor de tese, que guiou con atino a nave pública e a privada. A pública desde a súa pedra fundacional como xestor e director: 1º director do CDG, ou como autor do 1º proxecto de Lei do IGAÉ, posteriormente IGAEM; pero tamén, e sobre todo, como director artístico. Moitas daquelas empresas nadas na autonomía quedaron no camiño; mesmo por intres estivemos a piques de perder a compañía institucional que sobrevive hipotecada pola crise e certo inmovilismo profesional que abandonou as consignas e as pancartas no alboio por un cacho de pan para hoxe que non é máis que fame para mañá.

Se volven os tempos da fame, nós saberemos resistir que xa temos experiencia, e é

precisamente esa experiencia a que lle permitiu a **Teatro do Noroeste** sobrevivir ata estes tempos de incerteza, sempre navegando entre mares de dificultades e portos itinerantes; pois se hoxe é difícil a creación escénica imaxinemos un escenario de inestabilidade, sen orzamentos fixos, sen circuito definido, sen residencias, sen locais de ensaios, sen equipamento, sen escolas de arte dramático.

Sobrevivir nesas circunstancias non é unha necesidade, é un milagre. e **Teatro do Noroeste** milagrosamente sobreviviu. Sobreviviu porque as compañías están formadas por persoas e as persoas sempre procuran solucións aínda que teñas que ensalar nun polideportivo no que non te escolitas, morto de frío a 20 quilómetros da casa.

**Teatro do Noroeste** sobreviviu co calor humano, co apoio e o cariño de moitos para demostrar que somos xente do teatro e que para realizar os nosos soños, é necesario un CDG, un AGADIC, unha Rede Pública de Teatros e Auditorios, unhas Mostrás e Festivais, unha Escola de Arte Dramática, unha Asociación de Actrices e Actores, de Dramaturgas, de Directores de Escena, de Escenógrafos, de Figurinistas, de Iluminadores, de Tremaois, de Transportistas, de...

Para **Teatro do Noroeste** todo empezou cando se xuntan Eduardo Alonso Rodríguez, Julio Fontecha Vázquez, Manuel García Areoso, Francisco Manuel Tajés Prego, David Mateo Melendres Chas, Antonio Francisco Simón Álvarez Pérez e José Enrique Rivadulla Conde, para inscribir como Sociedade Anónima no Rexistro Mercantil de A Coruña con data 4 de decembro de 1986 á empresa "Produccións do Noroeste".

Coa excepción de David Mateo que viña do audiovisual e Xulio Fontecha do xornalismo, Produccións do Noroeste xunta a relevantes autores, directores e mesmo actores como: Manuel Areoso, Antonio Simón, Francisco Taxes, Ribadulla "Corcón", ou Eduardo Alonso; un excelente capital humano con inmensa capacidade creativa subministrado pola natureza; un coñecemento técnico adquirido pola experiencia e a tradición que lle outorgaban a capacidade e a posibilidade de acadar os fins da súa creación: a produción de cine, vídeo e teatro.

Xa que logo, todo parece indicar que Produccións do Noroeste non pretendía teorizar nin contemplar a vida desde o escenario, se non ser unha ferramenta ao servizo da sociedade, e dunha morea de actores e actrices e outros profesionais con capacidade de saber facer, con ganas de traballar e de participar en novas experiencias creativas e

estéticas.

Pero esta experiencia empresarial de industria cultural iniciada baixo o perfil dunha Sociedade Anónima necesitaba, ademais do capital humano, dun capital económico para existir; e diante desa obriga legal, a empresa creada ten que transformarse en **Teatro do Noroeste** para poder seguir mantendo a súa actividade produtiva.

De todas formas baixo a denominación de Produccións do Noroeste, créanse habitualmente espectáculos durante catro anos, ata a transformación en decembro de 1991 en Sociedade Limitada coa denominación de: **Teatro do Noroeste**; cun novo equipo formado agora pola actriz Luz María Gómez Rodríguez (Luma Gómez), Eduardo Alonso Rodríguez e Ernesto Chao Pino, quen se manterá, este último, na compañía ata 1997; trala súa marcha, **Teatro do Noroeste** queda nas mans de Eduardo e Luma que a manteñen ata hoxe.

Pero quen son Eduardo e Luma? en poucas palabras, Luma Gómez é unha actriz asociada á AAAG (<http://aaag.gal/catalogo/luma-gomez#curriculum>), cunha longa e prolífica carreira profesional. Traballou en importantes compañías de teatro, así como en diversas montaxes do Centro Dramático Galego en papeis protagonistas. Fixo importantes papeis cinematográficos con produtores do Estado e de Galicia; tamén actriz habitual en programas e series da TVG e na súa propia compañía: **Teatro do Noroeste**.

De Eduardo podemos dicir que, entre outras cousas, é dramaturgo, dramaturxista, tradutor, iluminador, actor e director de escena; estamos ante unha figura clave no sistema teatral galego actual que ten unha das máis amplas traxectorias profesionais: foi o primeiro director do CDG; elaborou o primeiro borrador da Lei de creación do IGAEM; foi membro do Consello Nacional de Teatro por designación directa do Ministerio de Cultura (1985); membro e directivo da Asociación de Directores de Escena de España (ADE); dirixiu preto do medio cento de espectáculos para diversas compañías; as súas colaboracións en monografías e artigos son innumerables; foi subdirector da ESAD de Galicia, ten varios premios na súa dilatada carreira entre os que cabe destacar: varios Compostela de Teatro, do Ministerio de Cultura, da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, varios María Casares, varios Max como autor, Finalista en varios premios ADE, ou o Premio Cultura da Xunta de Galicia en Artes

Escénicas (2010).

Ademais dos membros fundadores e refundadores de Teatro do Noroeste, pasaron pola compañía unha mancha de profesionais, que foron deixando a súa pegada, dos que atoparemos máis detalles nas fichas técnicas e artísticas de cada espectáculo e na páxina web da compañía (<http://www.teatrodonoeste.com/>).

Na traxectoria da compañía cabe subliñar varios apartados a tratar por seren considerados de relevancia no desenvolvemento da súa actividade:

- A edición de publicacións.
- A residencia teatral.
- O repertorio

#### A edición de publicacións

En 1996 a compañía comeza a súa actividade editorial cunha revista con periodicidade cuadrimestral cuxo título era o mesmo nome da compañía "Teatro do Noroeste" cuxa parte central se dedica a publicar debates dos profesionais sobre os temas que preocupan como: os circuitos de exhibición, ser actor ou actriz en Galicia, as compañías e a súa diversidade, a formación teatral (dous números), ou entrevistas a líderes políticos de distintas organizacións para que deran conta das políticas teatrais de cada formación en concreto BNG e PSOE.

Esta inquecianza pola edición tamén se mantería durante a residencia da compañía na Sala Yago chegando a editar un par de números de "SY" Revista da Asociación Cultural Amigos da Sala Yago.

A compañía a través dos traballos dos seus membros e colaboradores, tamén incidiu no sistema literario e editorial que se viu incrementado coas súas traducións, versións, adaptacións ou textos de nova creación; a presenza na vida cotiá dos espectáculos tamén provocou, nalgúns casos, estudos literarios ou semióticos por parte de investigadores, estudosos, profesores e outras persoas alleas ao entorno da compañía, que xa de por sí fomentou a edición de estudos monográficos de apoio aos espectáculos coas Unidades Didácticas.

#### A residencia teatral

O antigo cine "Sala Yago" situado na céntrica Rúa do Vilar, moi preto das antigas dependencias do CDG, foi o lugar de residencia privada de Teatro Cachirulo e **Teatro do Noroeste**.

Desta residencia ían saír proxectos de moita consideración con programas específicos como o Festival de Gallicreques, Titeres na Yago e na Escola, e Teatro no Ensino Medio e tamén na Yago; mesmo interesantes ciclos de cine.

Pola Yago, ademais dos espectáculos producidos polas compañías residentes, foron pasando compañías tanto de Galicia coma de fóra, e isto deu lle certo dinamismo á produción teatral futura das compañías residentes.

A Sala Yago mantívose activa desde o cuarto trimestre de 2002 ate o segundo de 2007 ano no que os propietarios decidiron non renovar o contrato de alugueiro ás súas compañías residentes, que mesmo intentaron buscar outras solucións de máis estabilidade para as súas residencias, sen resultados concretos.

Neste período a Sala Yago, chegou a editar, como dixemos, a súa propia revista e innumerables folletos para a difusión da súa programación, e mesmo chegou a actuar como produtora, apoiada polo Xacobeo e mailo IGAEM, para estrearse en Santiago *Flash-Back Compostela* (2004), un espectáculo de rúa que utilizaba múltiples puntos da cidade como partida de grupos de titiriteiros, malabaristas, bailaríns, zancudos, actrices, actores, músicos e acróbatas, que remataban xuntándose todos na Praza do Obradoiro para un gran número final no que confluían tres espectáculos:

*Camión a Compostela*, unha alegoría do Camión de Santiago e a súa incidencia no desenvolvemento de Galicia ao longo dos séculos coa presenza de xigantes, cabezudos, e zancudos que representaban diversas figuras da cultura galega.

*Traslación* que simbolizaba a traslado do corpo do Apóstolo e a creación do Santo Sepulcro, no que desfilaban varias carrozas como *"O barco de luz"*, *"Os monstros mariños"* ou *"O carro de bois salvaxes"*.

*Mercado en Compostela*, con todos os personaxes que podían aparecer no mercado da Alameda Compostelá nos anos cincuenta.

A Yago tamén realizou coproducións de pequeno formato como *Merda*, un proxecto de Ricardo Barreiro, Rafael G. García e Xavier Estévez dirixido por este último.

A sala recibiu compañías de aquí e de fóra, e mesmo participou doutros programas

como a Feira do Teatro de Galicia, mantendo no tempo de residencia das compañías **Teatro do Noroeste** e Teatro Cachirulo unha interesante e continua programación que dinamizou a cidade de Santiago de Compostela.

### O repertorio

No estudo do repertorio de **Teatro do Noroeste**, collen especial relevancia varias cuestións:

- Os autores e os seus textos, por que inciden directamente no canon.
- A incidencia social dos produtos medida polos índices do seu consumo entre os que apreciamos un considerable número de proxectos estrelares cunha extensa nómina de profesionais.

En canto aos autores e os seus textos atopamos dúas tendencias claramente diferenciadas: os clásicos universais e os autores galegos, fundamentalmente os contemporáneos.

### Os clásicos universais

**Teatro do Noroeste** sempre tivo no horizonte os clásicos universais iniciando a súa andalúa cun magnífico espectáculo, tanto na súa plasticidade estética coma na interpretativa, trátase de **Medea** (1987), cuxo texto que sería publicado en 1988 (Os libros do CDG, Nº 4), como unha versión libre sobre textos de Eurípides, Séneca e Anouilh asinada por Eduardo Alonso e Manuel Guede Oliva.

**Medea** foi estreada na cidade de Santiago de Compostela, na Aula de Cultura de Caixa Galicia (24/11/1987) como unha versión actual e moderna dun dos mitos máis importantes do teatro universal; así o expresa Xosé Cermeño no folleto do espectáculo:

*“Ocorre que falar do mito non é simplemente recordalo ou evocalo, nin o mito dá sempre o que o recompoñedor quere que diga. Falar do mito -de Medea neste caso- é deixar que ela siga falando, darlle novas oportunidades de contarse e de contar a historia nosa con aparencia de sucedidos antigos e improbables. E quen é Medea? Antes que celos e crimes e vinganzas, Medea é unha muller tinxida desa ambigüidade con que os homes pintan e temen aos seres femininos. Medea é a liña da marea, o lugar*

*estreitísimo e indefinible do que non se sabe nunca se é mar ou é terra. Medea está e non está. Pode e non pode. Quere e non quere.”*

No repertorio clásico da compañía colle especial relevancia, a obra de William Shakespeare, autor do que producen catro espectáculos e unha reposición:

**Rei Lear** (1990) é a terceira produción que foi estreada no Teatro Principal de Santiago de Compostela (03/05/1990) ano no que tamén recibe o premio Compostela de Teatro á mellor versión en galego realizada por Eduardo Alonso e Cándido Pazó, que sería publicada oito anos máis tarde (1998) (Os libros do CDG, Nº 27).

**Rei Lear** trata sobre a ingratidade filial, a traxedia preséntase en dúas tramas paralelas: a do **Rei Lear** e as súas fillas e a do Conde de Gloucester, que é traizoado polo seu fillo Edmond. Nos dous casos a falta de lucidez e de visión levan, tanto a Gloucester como a Lear, a cometer sendas inxustizas cos seus fillos máis sinceros, **Edgard** e **Cordelia** respectivamente.

Con **Rei Lear** a compañía edita a primeira dunha serie de unidades didácticas, neste caso en galego e inglés, coa pretensión de fornecer aos mestres e educadores de materiais complementarios para o estudo académico da obra desde distintas perspectivas.

**Macbeth** (1994) é a segunda traxedia Shakesperiana da compañía que foi estreada en Ribadavia (24/07/1994) no marco do Festival Internacional de Teatro no Auditorio do Castelo; como xa fixera Manuel Lourenzo cunha versión propia, estreada polo Teatro Circo en 1975 na III Mostra de Teatro Galego de Abrente na Igrexa da Magdalena. Alonso bota man da tradución de Fernando Pérez-Barreiro Nolla, que fora publicada pola Editorial Galaxia (1972); e da que xa aparecera publicado anteriormente, polo mesmo autor, o segundo acto da peza (Revista Grial, Nº 30) baixo o título de **A traxedia de Macbeth** (1970).

**Noite de Reis** (1996), Eduardo Alonso e Imma Antonio Souto asumen a tradución desta comedia que tamén sería producida posteriormente polo CDG con dirección de Quico Cadaval (2007), quen utilizaría para esa versión traducións en varios idiomas, mesmo unha galega de Miguel Pérez Romero editada por Galaxia (2003). **Noite de reis** sería estreada no Teatro Principal de Santiago (14/02/1996), e conjuntamente con **Historias**

*peregrinas* e *As vodas de Figaro*, conformaría a correspondente unidade didáctica dedicada a ese xénero co título de *Comedias*, o que nos fai pensar que a compañía mantivo en repertorio as tres obras na tempada de 1996, ano de estrea de **Noite de reis**, espectáculo que recibe o María Casares á mellor iluminación (1997).

*Romeo e Xulieta* (2007 e 2010), **Teatro do Noroeste** produce este clásico de Shakespeare en 2007 que é estreado no Teatro Principal de Santiago (29/03/2007), pero que tamén é retomado e estreado no Teatro Sá de Miranda de Viana do Castelo (09/04/2010) baixo o título de *Romeu e Julieta* en coprodución con dúas compañías portuguesas: Teatro do Bolhão de Oporto e Teatro do Noroeste, Centro Dramático de Viana do Castelo para realizar 32 funcións en Portugal.

A proposta escénica de **Teatro do Noroeste** causou impacto na crítica teatral como comenta Xosé Lueiro en Galicia Hoxe (06/04/2007) *"Teatro do Noroeste respecta a esencia do mito shakesperiano, mesturando á perfección o seu florido lirismo co argot xuvenil que utiliza o elenco de actores (...) o labor de Alonso se concentra en despozar ao mito dos prexuízos (...) o público namorou dos namorados."*; Inma López Silva dicía no Tempos Novos de xuño *"Alonso viste de Bershka os personaxes de Shakespeare e escolle un espazo de reminiscencias industriais que foxe conscientemente da medieval Verona (...) a pesar da linguaxe actual, o xenio está presente nesta obra que é un clásico por riba de todo..."*; ou Lupe Gómez en Galicia Hoxe (06/04/2007) *"Hai en Romeo e Xulieta moita tensión, moita acción. Esta obra podería conseguir novos públicos para o teatro (...) os novos actores enchen o escenario de dinamismo, vida. É un exercicio adrenalinico que o propio público sente así e polo tanto se involucra. Mesturar o amor coa morte ten algo de catártico."* Con *Romeo e Xulieta*, Sara Casanova acadou o premio á mellor interpretación feminina na edición do FETEGA do Carballiño (2007) polo papel de Xulieta.

Mais a relación de Eduardo Alonso con Shakespeare vai máis aló dos espectáculos dirixidos e producidos con **Teatro do Noroeste**, xa que tamén dirixe para o CDG *As alegres casadas* (1989) (Os libros do CDG Nº 22, 1997) e *Un soño de verán* (2002), o primeiro dos libros do espectáculo (colección CDG, 2002), ambos en versión do propio Alonso e Manuel Guede Oliva. É autor de estudos sobre Shakespeare como: *Adaptacións e montaxes de Shakespeare en Galicia*, escrito en colaboración con

Mercedes González e publicado pola Universidade de Alicante en Shakespeare en España, crítica, traducciones y representaciones de diversos autores, con edición de José Manuel González Fernández de Sevilla en Libros Pórtico. Tamén colabora no libro *Shakespeare and Spain* (2002) editado por The Edwin Meller Press, co apartado *Some Galician Stagings Based on Shakespeare's Plays*.

Na década dos oitenta o terrorismo en España acadou cifras arripantes que só cos atentados de ETA chega aos 46 no ano 1991, que foron a metade das 93 vítimas de 1980. Quizás por esa razón, entre outras, a compañía decide montar *Os xustos* (1991) de Albert Camus para o que recorren á tradución de Xosé Manuel Beiras Torrado; Alonso tamén sería o encargado de dirixir este espectáculo que acadaría o premio Compostela de Teatro á mellor iluminación (1992), realizada polo propio Alonso.

En 1993 con dramaturxia propia, Alonso dirixe *Galileo Galilei*, o seu primeiro Bertolt Brecht coa compañía, que lle daría a Ernesto Chao o Compostela á interpretación (1993) polo papel de Galilei; o espectáculo foi estreado en Santiago na Aula de Cultura de Caixa Galicia (03/03/1993).

Tamén dirixe e adapta *As vodas de Figaro* (1994) de Pierre Agustín Carón de Beaumarchais con tradución de Cándido Pazó; Alonso presenta esta comedia con cambios formais na súa estrutura, que pasa de cinco a catro actos que xiran en torno a dúas escenas claves: O xuízo de Figaro e A cita no xardín; as tramas dos nobres e dos criados formuladas nos constantes equívocos fan desta comedia clásica un espectáculo atractivo para incorporar ao sistema escénico galego; a peza foi estreada no Teatro Principal de Santiago (08/02/1994) e realizáronse 57 funcións que superaron os 10.000 espectadores.

Tras case que dez anos de experiencias, en 1995, o IGAEM, en consenso coa profesión, convoca axudas para proxectos puntuais e de concertación bianual, para ter en conta a continuidade e a estabilidade na produción; valorábase a traxectoria das compañías e dos seus equipos, para procurar a estabilidade laboral, apostando pola experiencia como garante de bos resultados. A cousa quedou só en boas intencións á vista dos resultados das subvencións, xa que, a pasares de seren convocados, non resultaron subvencionados proxectos de convocatoria bianual; o que deixaba en

evidencia certas contradicións entre a teoría e a práctica, entre a orde de convocatoria e os criterios da comisión de valoración.

O sistema teatral vese afectado por estes e por outros acontecementos da súa contorna; as decisións políticas institucionais, as situacións críticas, as composicións e os criterios das comisións de avaliación, influen na estabilidade do sistema e dos ítems que o compoñen: Compañías, profesionais, distribuidores, programadores, público, etc; e isto afecta mesmo ao repertorio e ao establecemento do canon ideal, aquel que todos desexamos para a nosa idea de nación.

**Teatro do Noroeste** e os seus compañeiros de viaxe, tamén se viron afectados por estas cuestións; e se ata o ano 2000 nos ofreceu un repertorio variado no que se mesturaban os xéneros e os autores con producións de grande formato, a partir de aí a cousa cambia, e a compañía ten que recorrer, ágou poucas excepcións, a pequenos formatos para subsistir e manter un núcleo mínimo de nómadas e de produtos.

Supoñemos que o asunto tería moí diferente resultado se os proxectos de concertación bianual e, posteriormente, os de residencias teatrais fosen unha cuestión de estado, para que compañías con experiencia, como **Teatro do Noroeste** puideran tomar as rendas de algún dos tantos teatros existentes en Galicia con apoios institucionais.

As institucións remataron asumindo os proxectos de residencia teatral, pero estes quedaron en ben pouco ou case nada; de todas formas Eduardo Alonso co seu entusiasmo e positivismo, afeito a *facen grandes espectáculos*, chegou a embarcarse en novas coproducións, como é o caso de *A casa do pai* con Cámara Negra e Noescafé Teatro; o que lle deu forzas para volver a emprender grandes producións entre o 2005 e o 2010, con proxectos como: *Imperial: café cantante*, *Vigo 1936*; *Romeo e Xulieta*, *Extraradios*, *Glass City (Cidade de Cristal)* e a reposición en portugués de *Romeo e Xulieta*.

A segunda aproximación a Brecht chegaría en 1998 en coprodución co Centro Dramático Galego e o **Teatro do Noroeste**, Centro Dramático de Viana do Castelo; trátase de *Estación Mahagonny*, recreación de Alexandra Moreira da Silva sobre a obra Ascensión e caída da cidade de Mahagonny de B. Brecht; con dramaturxia da propia Alexandra, Eduardo Alonso, Jorge Castro Guedes e Jose Martins, e dirección de escena

de Castro Guedes; esta produción é un dos paradigmas na colaboración transfronteiriza galego-portuguesa tan debatida e procurada nos encontros do teatro de Galicia e o Norte de Portugal, nos foros da Escena Lusófona, nos Teatragal, nos Camións teatrais, nos FITEI ou nos FESTEIXOS; cuestión que tamén podería ter as súas orixes nos proxectos de "intertroco" xa propostos polas Irmandades da Fala.

*Estación Mahagonny* foi estreada no Auditorio do Pazo de Congressos de Pontevedra (25/04/1998); O elenco e o equipo artístico foi o resultado de sumas multinacionais e pluriculturais, como comenta Jose Martins no programa de man:

*"Actores e actrices de Portugal e da Galiza, un encenador portugués, un cenógrafo e figurinista de Múrcia, una dramaturgia establecida por unha equipa de portugueses e galegos, escrito por una portuguesa a partir da obra de un alemão, com a colaboración de um escritor galego, de uma catalã e de um italiano, uma peça de teatro falada em português, galego, castelhano, catalão e italiano, com técnicos de cena galegos e portugueses, para ser representada na Galiza e no Norte de Portugal em co-produção de uma companhia portuguesa e duas companhias galegas."*

*Estación Mahagonny* foi a segunda concreción de coproducións entre Galicia e Portugal, que xa comezaran dous anos antes con *Terro de lobos* (1996), coprodución de entre Teatro de Ningures e **Teatro do Noroeste**, Centro Dramático de Viana do Castelo.

Con *Estación Mahagonny* o teatro galego e portugués colabora na celebración do centenario de Brecht, realizando un total de 35 funcións entre Galicia e Portugal.

No 2000 a compañía opta por incorporar ao repertorio teatral galego unha nova *Celestina* en versión libre de Alonso sobre o clásico de Fernando de Rojas. Exercício necesario para o teatro galego que nos remove o imaxinario teatral desa obra que nos deixara, vinte anos atrás, aquela innovadora montaxe de Angel Facio con Teatro del Aire, programada en Galicia polas xuventudes comunistas. *A Celestina* de **Teatro do Noroeste** estreouse no Salón Teatro de Santiago de Compostela (23/05/2000), chegando a realizar 30 funcións.

#### Os autores galegos

A aposta pola dramaturxia propia foi outra das constantes na traxectoria da compañía, así o segundo espectáculo de **Teatro do Noroeste** feito en coprodución con Teatro do

Malbarate, foi unha comedia aceda formulada como dramaturxia fragmentada, para criticar desde a escena a situación política, cultural e social na recentemente creada Autonomía Galega; Galicia S.L. foi construída con textos de Manuel Rivas, Antón de Santiago, M<sup>a</sup> Xosé Queizán, Manuel Guede Oliva, Xesús "Chichi" Campos, Antonio Simón e Lino Braxe; e foi estreada no Pavillón Polideportivo de Pontecesures (25/11/1988); tamén resultou programada na segunda Feira de Teatro de San Sebastián (1989).

En 1990, Teatro do Noroeste monta o texto de Xosé Luís Méndez Ferrín Tagen Ata, en versión de Manuel Guede Oliva e Eduardo Alonso, dirixido por este, e realizado en coprodución con Teatro Caritel, quen poñería, con esta produción, colofón á súa traxectoria produtiva. Tagen Ata estréase no Salón de Actos do I.B. Xelmírez I de Santiago (27/11/1990).

Dous anos despois tocaríalle a quenda e Miguel Anxo Murado, cuxo texto *A grande noite de Fiz* (1992) acadaría a condición de sistémico ao ser posto en escena por primeira vez, ao igual que *Historias peregrinas* (1995), que resultaría finalista dos premios ADE á mellor dirección (1995); este espectáculo sería reposto en 2010 aproveitando a celebración do ano xacobeo; deste texto tamén nos consta un estudo semiótico do profesor Pablo Landín titulado *Análise dunha obra do teatro galego dos 90* (accesible en: [http://bvg.udc.es/mostrar\\_colaboracion.jsp?id=PabAn%E1111](http://bvg.udc.es/mostrar_colaboracion.jsp?id=PabAn%E1111)).

*A grande noite de Fiz* estreseou no Teatro Principal de Santiago (17/10/1992) o mesmo que *Historias peregrinas* (14/02/1995) mentres que a reposición desta última foi estreada no Pazo da Cultura de Narón (24/09/2010).

*A grande noite de Fiz* contou coa súa correspondente unidade didáctica, denominada nesta ocasión: Guía para unha fantasía teatral. Sobre *A grande noite de Fiz*, e baixo o título de *Historia dun (Falso) soldado* (1992), Anibal C. Malvar dixo (Grial T. 30, N<sup>o</sup> 116, páx. 583), (accesible en:

[https://www.jstor.org/stable/pdf/29751026.pdf?seq=1#page\\_scan\\_tab\\_contents](https://www.jstor.org/stable/pdf/29751026.pdf?seq=1#page_scan_tab_contents))

*"Tras a sobriedade naturalista de "Os xustos" de Camus, e o populismo ilicenciosos de "Un soño de verán" (¿de Shakespeare?), Eduardo Alonso asumiu a dirección de "A grande noite de Fiz", Unha comedia de enredo concebida polo seu autor, Miguel Anxo Murado, como guión cinematográfico. (...) A comedia insiste nas claves máis claras do*

*enredo, con equívocos, transformismos, sobreactuacións e, incluso pócimas. O enrevesado da trama provoca, no nó da intriga, algunhas dilacións do ritmo, inutilmente catalizados por continuas recorrencias ó chiste fácil e ó histrionismo supostamente cómico dos intérpretes."*

Suso de toro viría a sumar na nómina de autores galegos contemporáneos en 1997 coa obra *Unha rosa é unha rosa (Unha comedia de medo)*. Co que acadaría Belén Constenla no papel de Adela o Premio María Casares á mellor actriz secundaria (1998); con este espectáculo a compañía realizou 39 funcións e case que acadou os 7.000 espectadores.

A partir da versión libre sobre a *Celestina*, Alonso e Luma deseñan unha nova estratexia de repertorio para a compañía; se ata entón os clásicos formaron a columna vertebral da compañía, a partir de aí, sen deixar de incorporar algún, *Teatro do Noroeste* transfórmasse en compañía de autor, o mesmo que fixeran outros autores con compañía; xa que logo os textos que se producen desde aí, van ser fundamentalmente de Eduardo Alonso, quen pode deste xeito poñer en escena algúns dos seus mellores textos e desenvolver unha traxectoria dramaturxica que xa comezara moitos anos atrás (en 1981 resulta premiado polo Ministerio de Cultura como autor novo polo texto *Xan, o perruzo*; de todas formas Alonso non esquece incorporar ao repertorio da compañía a outros autores galegos como: Lino Braxe de quen estrean dous textos: *Campo sur*; estreado na Igrexa da Madalena de Ribadavia (23/07/2002), e *A Mamma*, estreada na Zona C de Santiago de Compostela (26/03/2014); Lola Correa con dous textos: *A tixola polo Mango (Muller non é para tanto)*, estreada no MARCO de Vigo (08/03/2005) con dirección da autora, que sería reposta (2012) con dirección de Alonso e estreada na Arteria Noroeste de Santiago de Compostela (25/09/2012), e *Selección natural*, en coprodución con Trávia Teatro de Zaragoza, con dirección de Alonso, estreada no Pazo da Cultura de Narón (17/10/2014); Roberto Vidal Bolaño de quen estrean *Tauporroutou da lúa e do sol*, dirixido por Eduardo Alonso en coprodución co CDG no ano en que se lle dedican ao autor as Letras Galegas. Cabe salientar nesta etapa tamén unha coprodución con Cámara Negra Teatro de Sevilla, Noescafé Teatro de Vigo e Teatro do Noroeste, para poñer en escena un texto de Carlos Álvarez-Ossorio dirixido polo autor; trátase de *A casa do pai* estreado no Auditorio Torrente Ballester de Ferrol con

tradución de Fátima Rodríguez Varela (20/10/2015).

Tras unha extensa traxectoria dramaturxica (da que podemos ampliar detalles en: [http://www.adeteatro.com/detalle\\_socio.php?id\\_socio=26](http://www.adeteatro.com/detalle_socio.php?id_socio=26) ) chea de traducións, versións e adaptacións, realizadas cábado con cábado cos clásicos universais e con autores contemporáneos como Manuel Guede Oliva, Cándido Pazó, ou Imma Antonio, Eduardo Alonso comeza o seu propio camiño como autor con compañía; adapta a Cunqueiro con *Feirantes*; fai a súa propia *Celestina* e a partir de aí, escribe e dirixe *O país oculto* (texto que recibe a mención especial do premio Estornela (2000)); *Alta Comedia*; *As damas de Ferrol*; *Ensaio*; *Confesión*; *Imperial*; *café cantante*; *Vigo 1936* (premio María Casares ao mellor texto e á mellor iluminación (2007) e finalista á mellor dirección nos premios ADE (2007)); *Extrarrádios* (premio Max (2009) ao mellor texto teatral en lingua galega); *Glass City (Ciudad de cristal)*, *Último Cowboy* (premio FETEGA (2011) ao mellor espectáculo e premio Max ao mellor autor en lingua galega); *Piratas*; *Linda and Fredy*, *Ilusionistas* e *Palabras malditas* (accesit do premio Lope de Vega 2014 do Concello de Madrid).

Pero quen mellor que os propios autores para falar dos seus textos; por iso pensamos que falaran dos textos Eduardo e Luma, Eduardo (E) como autor do texto literario e Luma (L) como coautora, entre outros, do texto vivo, xa que entrambos os levaron a escena para facelos sistémicos.

#### É necesario coñecer aos clásicos para encontrarse a un mesmo?

**E:** Unha pasada polos clásicos nunca está mal. Hai un dito que é: "Todo está en Shakespeare", que moi ben pode estenderse a todos os clásicos. Nos clásicos apréndese, nos clásicos bébese, dos clásicos aliméntase un. Non hai nada máis vivo que os clásicos. Escola de vida e de teatro son, pero iso si, anosándoos, facéndoos nosos. Eu aprendino todo nos clásicos.

**L:** Si, nos clásicos está todo: o amor, a amizade, a violencia, a vida, a orixe das guerras, a emigración... E todo tratado dun xeito, ás veces, tan actual como o tratan os propios contemporáneos. Coido que é necesario coñecer e traballar aos clásicos, é unha boa bagaxe.

#### Péchaste para escribir teatro ou ábreste ao diálogo?

**E:** Para escribir literatura dramática, si. Péchome. É un proceso íntimo e dalgún xeito doloroso, aínda que escriba unha comedia, pero sempre teño presente a algúns actores e actrices. Para escribir teño que imaxinar e para imaxinar teño que poñer cara a algunhas personaxes, aínda que despois non coincidan cos actores ou actrices definitivos. Cando se realiza a escrita escénica, é dicir, cando se ensaia, daquela é un diálogo constante con todos, cos actores e actrices, moitas veces non verbal, co escenógrafo, co músico, cos técnicos, con todos os que participan no proceso. Montar un espectáculo é un constante diálogo entre creadores.

#### Dous infantís, dous musicais, varias comedias, varios dramas... e o esperpento?

**E:** Como sempre estreamos en galego, non houbo oportunidade de achegarnos ao teatro de Valle-Inclán, non o permitían os seus herdeiros. E agora, cando parece que vai ser posible, non están as posibilidades económicas para grandes elencos. Pero o teatro galego debe pasar, si ou si, por Valle-Inclán. Non sei se nós poderemos estar nese necesario intento.

**L:** Efectivamente, ao longo da historia de Teatro do Noroeste, houbo de todo. Coido que tamén hai algún texto, como pode ser *As damas de Ferrol*, que eu considero moi próximo ao esperpento. Pero tamén, persoalmente, traballei con José Martins en "Las galas del difunto" de Valle-Inclán, con Manuel Guede en "Ligazón" e con Eduardo Alonso en "El embrujado", as tres dentro do mesmo proxecto do Centro Dramático Galego: "Valle-Inclán 98".

#### Seguimos ao pé da letra ao autor?

**L:** Depende. É normal que nos ensaios se corrixan algunhas cousas, pois ao interpretalas o actor, non é necesario explicalas de máis. Falo de pequenas correccións. Tamén, ás veces, necesitas, por razóns tanto de elenco, de número de personaxes ou de outras, facer unha dramaturxia nova para poder levar adiante o proxecto. Lembro, por exemplo, que o Rei Lear fíxose con 8 actores, reducindo á nosa capacidade real o número de personaxes. É posible facelo sen que a historia que conta o autor se resinta.

**E:** Non. Tamén é necesario o diálogo co autor, diálogo escénico, refírome. Nós consideramos que o texto teatral é un punto de partida e non un punto de chegada. O proxecto escénico parte do texto, o texto o sustenta, pero ten vocación de ir moito máis aló.



**Que é máis importante o tema o tratamento ou a trama?**

**E:** Todo. A forma é o fondo. Ou mellor, diferente forma implica diferente fondo, e tamén a inversa: diferente fondo provoca diferente forma.

**L:** Si tes un bo tema, un tratamento orixinal e unha trama sólida, case seguro que tes un texto magnífico. De todos os xeitos, ao longo da miña vida, teño visto grandes espectáculos nos que o tema tiña unha relevancia relativa, a trama era pobre e o tratamento magnífico e resultaba un grande espectáculo. Ás veces, non sucede, pero, cando sucede o resultado é moi sorprendente.

**O primeiro texto infantil chegou no 2000 e o segundo no 2011, é difícil escribir para a infancia e a xuventude?**

**E:** Si. Sobre todo te investes dunha especial responsabilidade. Nós fixemos teatro infantil tamén, porque nos gusta todo tipo de teatro, pero as producións infantís, cando se tratan como teatro maior, son complicadas de abordar.

**L:** Coido que é unha materia pendente. Sobre todo, o teatro para a xuventude. Xa non teñen os intereses dos nenos, pero tampouco son adultos. É un segmento de público que deberíamos traballar especificamente. Teatro do Noroeste tense achegado a este público en varias ocasións, como foi Galileo Galilei ou Romeo e Xulieta, ambas tiveron moi boa acollida entre a xuventude e se traballou con eles a través de Unidades Didácticas e plans específicos co apoio do profesorado. Non considero positivo que se lles ofrezca espectáculos indiscriminadamente. Coido que deben ter características educativas específicas.

**Xera conflitos internos enfrontarse á realidade duns personaxes alleos?**

**E:** Non necesariamente. Os personaxes non teñen porque ser amigos íntimos, pero tampouco inimigos. O que si teño comprobado de abondo é que teñen vida propia. Ti queres facer algo, ou seguir un camiño determinado e eles lévante onde realmente queren ir. Eu sempre digo que cando me sento a escribir o fago con toda a intención de facer unha comedia, pero logo sae o que os personaxes queren: un drama ou mesmo unha traxedia. Si es honesto, eles fan o que lles peta.

**L:** Os personaxes pasan por situacións, pensan e actúan moitas veces dun xeito que ti nunca farías ou nunca fixeches. Hai que buscar empatía. Aproximarse a eles. Facer amizade. Facelos teus. Todo isto é un proceso de coñecemento e compromiso. Por unha

banda ti es o personaxe pero por outra eles están continuamente levándote a súa realidade.

**Como sobrevive un dramaturgo no deserto cultural?**

**E:** Realmente un dramaturgo non precisa de moito: papel e boli. Un director de escena, pola contra, si que precisa. No teatro e nas artes escénicas en xeral e onde máis pode incidir o deserto cultural. De todos os xeitos, posiblemente o caso galgo sexa, actualmente, un caso moi especial dentro do mundo occidental. Dificilmente se atopará outro lugar onde o deserto cultural é tan consistente coas xentes das artes escénicas. Non coñezo outro lugar en Occidente onde se trate tan mal aos creadores e a ás creadoras escénicas. Sinceramente, coido que nos sentimos mal tratados.

**E unha actriz?**

**L:** Con mochila, cantimplora e moita determinación, xorden en varias ocasións ao longo destes 30 anos as ganas de abandonar. Por momentos tes a sensación de que o que fas non lle importa a ninguén. Tal é a actitude das autoridades que nos gobernan que, ás veces, si non te refuxias no público terías abandonado.

**Ten saída profesional un dramaturgo sen compañía?**

**E:** Dificilmente. Eu estou convencido que si non poño en escena eu os meus textos, ninguén os poñerá. Por iso **Teatro do Noroeste** montou textos de autores galegos vivos, para colaborar na súa visibilidade, co convencemento, ademais, que a esencia da construción dunha dramaturxia galega está nos autores contemporáneos propios.

**E unha actriz?**

**L:** Teño compañeiras que nunca tiveron compañía e que se foron defendendo facendo series televisivas, teatro, dobraxe, cine... pero de todos os xeitos moita xente quedou polo camiño.

Nos vossos espectáculos hai un equilibrio entre a comedia e o drama, a dramaturxia galega tamén é unha cuestión de xénero?

**E:** Non. A dramaturxia galega é unha cuestión de compromiso.

**L:** Non, creo que non. Facemos teatro porque nos gusta, pero tamén porque nos sentimos partícipes dunha sociedade e analizamos moito o que entendemos por necesidades desa sociedade.

**O que pasa no local de ensaio, queda alí ou vai con vós para a casa?**

texto absorbe toda miña enerxía. A si que a resposta é positiva. Ven para casa comigo. E: O teatro ocupa case todo. Eu algunha vez o definín como unha especie de maldición. Queres pensar noutras cousas, ocuparte doutros asuntos e, sen podelo evitar, salta ao teu maxín o proxecto no que andas metido. Ás veces, a idea dun texto perségume tanto, que non consigo sacalo da cabeza ata que o escribo e, claro, non sempre se pode poñer un a escribir, porque se precisa ter tempo, moito tempo e tamén certa tranquilidade. Ás veces, escribir é conxurar a maldición.

#### **A partir do 2000 a nómina vese reducida a dos ou tres personaxes; afecta a crise na dramaturxia?**

E: Claro. Nós deixamos de facer espectáculos con elencos amplos por mor da crise. **Teatro do Noroeste** e nós mesmos sempre tivemos vocación de compañía de grande formato e, a poder ser, de repertorio, e non conseguimos nin unha cousa nin a outra. Rematamos sendo unha compañía de autor de pequeno formato. Pero tan contentos.

L: Esta etapa correspóndese tamén co comezo da nosa xestión xunto a Titeres Cachirulo da Sala Yago. Este tipo de espectáculos de pequeno formato adaptábanse moi ben a este espazo, de feito tamén fixemos un texto de Lola Correa: A tixola polo mango e outro de Carlos Álvarez-Ossorio: A casa do pai. Así que confluíron varias circunstancias.

#### **Só dous musicais de grande formato, en trinta anos, non temos capacidades e medios para afrontar esas producións ou todo é cuestión de cartos?**

E: Non soamente é cuestión de cartos. Este tipo de musicais implica uns procesos de produción extremadamente complexos tendo en conta que son con música orixinal interpretada en directo e con elencos amplos e con capacidade non soamente interpretativa senón tamén de canto e mesmo de baile. Ademais, precisan ter un plan de distribución moi específico que non sempre se consegue artellar. Non é fácil que se dean as condicións necesarias para poder abordar unha produción desas características. Nós estaríamos encantados se puideramos facer algunha máis, pero actualmente, tal como están as cousas, son totalmente inviables.

L: De todas maneiras, na primeira etapa de **Teatro do Noroeste**, fixéronse espectáculos con elencos numerosos de dez, doce persoas, pero a realidade impón moitas condicións. Hai que ter en conta que os espectáculos se moven por diversos locais. Diversos no seus equipamentos, tamaños e condicións, polo tanto mover

espectáculos grandes por toda Galicia implica un esforzo inasumible dada a precariedade na que nos movemos.

#### **En poucas palabras; que cambiou no sistema teatral galego nestes 30 anos?**

E: Na segunda metade dos anos 80 creáronse case todas as estruturas tanto administrativas como profesionais dadas. Isto non apareceu da nada, a primeira metade dos anos 80 foi de debate, análise e confrontacións de ideas. O sistema teatral galego creou as súas estruturas na segunda metade dos anos 80. Durante os anos 90 estas estruturas foron consolidándose e afinándose. E partir do 2000 comezou unha etapa de deterioro que se intensificou nos últimos oito anos. Nestes últimos oito anos precipitouse unha sistemática acción de desmantelamento de todo o creado, chegando nestes momentos a estar en situacións asimilables as anteriores dos anos 80. Parece un proceso cíclico. Estamos peor de onde partimos hai trinta anos.

L: Comparto totalmente. Ademais, nestes anos consolidouse o sistema: creouse un Centro Dramático, unha Escola de Arte Dramática, asociacións profesionais, convenio colectivo, Rede de teatros e Auditorios, compañías profesionais, distribuidoras, sistemas de subvencións e apoio á produción e distribución, tanto interior como exterior, Feira de teatro... e todo isto foise consolidando ao longo destes anos. Agora, o que falta é que os políticos asuman responsabilidades económicas, sociais e culturais de país.

#### **Que herdo ille deixamos ás novas xeracións?**

E: Vou ser optimista. Polo menos que a primavera é posible, pero hai que currala.

L: Nin idea. É algo que quizais teñan que dicir eles.

#### **Da súa última produción *Palabras malditas* a crítica dixo:**

*Magnífico el texto y la dirección de Eduardo Alonso en la Sala Margarita Xirgú del Teatro Español. Solvente en su estructura dramática. Y los actores, perfectamente adecuados, Sara Casasnovas, sensual, joven, pero con toda la carga emocional de un personaje que tiene que hacer frente a la vida. Miquel Insua, bien acoplado a su personaje, sabio, temiendo mostrarse excesivamente sensible. Luma Gómez, adaptada a dos personajes tan distintos y tan bien ejecutados. Obra dura que no deja indiferente. Obra poética. Obra amarga. Obra con la esperanza de que las palabras, a*

*la larga, si valgan, y denuncien, y enamoren, y sean libres de cantar lo que pasa.*

**Alberto Morate. Entre Bambalinas. (09-05-2016)**

*Al frente, Eduardo Alonso, un hombre de teatro que abunda en todos los detalles de una producción teatral, tras muchos años de vérselas con clásicos y contemporáneos. Esta vez su puesta en escena oscila entre un realismo minucioso, que se percibe en el estilo de los actores, y una iluminación poética que enlaza directamente con los poemas que se deslizan magistralmente en la voz de Miquel Insua, cuya presencia y dominio escénico permiten los momentos más interesantes de la función, a cuyo amparo de veterano profesional quedan el brío y el desamparo de Saras Casanovas y la serenidad de Luma Gómez.*

**Horacio Otheguy Rivera. Culturamas. (17-05-2016)**

*Miquel Insua e Sara Casanovas ofrecen interpretacións cheas de matices, nun rexistro realista moi ben medido. Ademais, desde a dirección, está moi ben xogado o contraste entrambos personaxes, a Leticia xuvenil e o desenfado dela, a prudencia elegante del, así como o personaxe de Luma Gómez, que é terro, nai, e que, á súa vez, tamén contrasta con ese idealismo desencantado da parella protagonista dos poetas.*

**Alfonso Becerra de Becerred. Teatro Crítico Universal. (05-05-2016)**

*Maletas cheas de saber e de palabras, foi o que levaron por todo o mundo as mulleres e os homes do noso exilio, quizais unha das xeracións mellor preparadas da nosa historia xunto coa que agora foxe de novo e que contribuíron de forma moi substantiva ao progreso dos países que os acolleron. Este espectáculo de Teatro do Noroeste constitúe desde o primeiro momento unha homenaxe, emotiva e crítica, a todas e todos eles. Pois cómpre aínda abrir a maleta da nosa historia e ver o que hai dentro, ostenta anos despois.*

**Manuel F. Vieites. Faro de Vigo. (14-04-2016)**

**Despois destas e doutras palabras sabias que quedaron no camiño, temos azos para seguir outros trinta anos, para facer a maleta ou para gardar no caixón o lapis,**

### **o papel e mesmo o escenario en pleno éxito?**

**E:** Curiosamente as boas palabras sobre os nosos espectáculos adoitan vir case sempre de fóra de Galicia. Dentro sempre sentimos unha certa indiferenza, tamén case sempre acompañada, contradictoriamente, do respaldo do público. Tamén teño que recoñecer que cada vez nos custa máis abordar os nosos proxectos, como si estiveramos cada vez comezando de novo pero cada vez, claro, con menos forzas que o tempo pasa. Non sei canto durará isto, pero tendo en conta que ten natureza de maldición, pode ser eterna. **L:** A verdade é que a situación non anima, pero xa nos vimos en situacións parecidas. Mentres teña azos, seguirei.

### **Algúns reflexións conclusivas**

Na análise da traxectoria da compañía, atopamos un proxecto que experimenta coas formas legais para estabilizar a súa existencia; un proxecto que mira cara ao que está preto sen perder de vista o que está lonxe, conscientes da realidade na que se insiren, miran cara ao próximo e conscientes da universalidade, cara ao alleo; cara ao próximo para darlle pulo e desenvolver proxectos propios e cara ao de fóra para facelo noso; así, tanto os membros da compañía como os seus colaboradores, miran aos clásicos universais cunha visión galega, tratando de incorporar aos paradigmas da literatura universal cunha mirada do país.

Destá forma **Teatro do Noroeste** mantivo durante trinta anos unha actividade escénica que se veu afectada polos cambios e as decisións políticas sobrevivindo milagrosamente durante todo este tempo, celebrando as bonanzas do sistema e procurando solucións cando as circunstancias o requiren; pero sobre todo producindo espectáculos, cumprindo así coas premisas que foron obxecto da súa fundación: a produción de espectáculos.

Tanto Alonso coma Luma eran, e son, bos coleccionadores do feito teatral, da problemática do proceso de creación e do seu compoñente artesanal, polo que sempre procuraron acubillarse con xentes de oficio, tanto no asunto da actuación coma no da realización artesanal do proceso creativo; isto levounos a compartir a súa traxectoria vital e profesional cunha morea de profesionais cos que intercambiaron experiencias, o

que os fai bos coñecedores da nosa historia teatral podendo seren considerados, entre outros, como a memoria viva do teatro galego actual.

No repertorio da compañía atopamos indicios claros de atención aos autores galegos contemporáneos e aos clásicos universais; pero tamén certa ausencia dos textos fundacionais do teatro galego, daqueles textos escritos a finais do século dezanove e principios do vinte que nos serven de referencia, mais que non se fan sistémicos, vaia que non son postos en escena, agás *Os vellos de Castela*; nin sequera son adaptados a unha dramaturxia actual, pese a seren algúns reeditados aínda na actualidade.

Por que non interesan estes textos? Esta é unha pregunta de difícil resposta malia a ser unha cuestión fundamente nacional; esta dificultade denota a urxente necesidade de intervención institucional e privada para recuperar e revisar os nosos dramaturgos e os seus textos fundacionais, para promover e potenciar a súa recuperación e posta en escena e colaborar desde a produción escénica na construción da idea de nación, dun repertorio clásico propio e da nosa historia.

Quizás fosen *Como en Irlanda, O bufón del rei, A lagarada* ou calquera das postas en escena de *Os vellos non deben de namorarse* do CDG unhas referencias adecuadas a ter en conta nesa recuperación da dramaturxia histórica galega; quizés compre motivar esa recuperación, dada a maduración produtiva do sector profesional e a súa recente renovación coa incorporación das novas formadas da Escola Superior de Arte Dramática.

Compre polo tanto reinventar o noso sistema produtivo, analizar e incentivar as necesidades dese cambio, e repensar os repertorios; nas nosas mans está, do contrario tarde ou cedo a dramaturxia contemporánea correrá a mesma sorte que tiveron os precusores: quedar condenada ao ostracismo.

No tocante á incidencia social das producións e coproducións de **Teatro do Noroeste**, temos que dicir que a compañía incrementou o capital cultural en Galicia e tamén o levou fóra coa produción de 34 espectáculos e tres reposicións, 37 en total, cos que se fixeron 1.250 funcións que deron máis de 160.000 espectadores, o que supera unha media de 130 espectadores por función. Mais non todos os espectáculos funcionaron de igual xeito, acadando *Rei Lear* (1990) unha media salientable de 280; dous superaron os 10.000 espectadores: *As vodas de Figaro* de Beaumarchais, e *Feirantes* de Álvaro Cunqueiro; dous espectáculos con capitais sociais e formatos ben diferentes, como

unha comedia clásica universal (*As vodas de Figaro*), e un autor clásico galego como Cunqueiro (*Feirantes*) de quen aínda non se descubriu todo o que os seus textos poden dar á escena contemporánea.

Nove espectáculos superaron os 7.000 espectadores, ademais dos anteriores, temos que salientar: *Galicia S.L.* con 8.674, *Rei Lear* con 8.379, *A grande Noite de Fiz* con 9.773, *Macbeth* con 7.745, *Historias peregrinas* con 8.854, *Romeo e Xulieta* con 7.122, e *Glass City* con 8.148, seguidos de preto por *Noite de reis* con 6.625 e *Unha rosa é unha rosa* con 6.651.

**Teatro do Noroeste** estivo aló onde había un teatro e un público, mesmo en ocasións sen habelos. Estreou 19 veces en Santiago de Compostela en diversos teatros como a Aula de Cultura de Caixa Galicia, o Teatro Principal, o Salón de actos do I.B. Xelmírez 1, o Salón Teatro, a Sala Yago, a Arteria Noroeste e mesmo na Zona C; en Ferrol estreou seis espectáculos tanto no Teatro Jofre como no Auditorio Torrente Ballester; tres en Ribadavia, dous na Coruña e Narón; e un en Vigo, Pontevedra, Pontecesures, Ribadeo, O Cabaliño e Viana do Castelo en Portugal.

En Portugal, realizou 58 funcións con 11 espectáculos; a Aragón levou 12; a Andalucía, 6; a Castela León, 4; a Madrid, 3; a Cataluña, País Valenciano e Asturias, 2; e a Castela a Mancha, Extremadura e Euskadi, 1; mesmo a Suíza chegou a compañía para realizar unha función de *Feirantes*.

Polo que podemos destacar que os intereses da compañía na distribución dos seus espectáculos non só se limitaron á comunidade galega, se non que procuraron con bastante éxito a presenza do teatro galego na lusofonía chegando a un nivel de mestizaxe e de colaboración mutua que se plasmou en varias coproducións e traballos dramáticos de importancia como *Estación Mahagony* ou *Romeo e Julieta*.

Tamén podemos dicir que a presenza de **Teatro do Noroeste** nas terras peninsulares é de certa importancia, chegando, igual que no caso portugués, a grandes doses de entendemento con outras unidades de produción como: Tranvía Teatro de Zaragoza, ou Cámara Negra de Sevilla; Mais esta tendencia á coprodución vénlle de vello a **Teatro do Noroeste**, xa que a segunda montaxe da compañía *Galicia S.L.*, foi en coprodución con Teatro do Malbarate; e a cuarta *Tagen Ato*, con Teatro Caritel, a compañía de Manuel Guede con quen mantería unha longa traxectoria de traballo en común desde a

primeira produción da compañía, que os levaría a coproducir, facer versións, traducións e traballos dramaturxicos diversos.

A partir de 2005 a crise e os cambios políticos afectaron notablemente á traxectoria da compañía como a unha gran parte do sector teatral; os formatos dos espectáculos redúcense considerablemente nas súas ndminas, e as producións concrétanse en monólogos ou textos de poucos personaxes, e isto afecta á sociedade e a unha mancha de profesionais que ata esa data pivotan como “frelance” entre as compañías existentes que manteñan a actividade produtora no sector, dándolle así certa estabilidade ao traballo e aos traballadores da escena.

Podemos considerar pois que **Teatro do Noroeste** foi unha compañía aberta pola que pasaron preto dun cento de profesionais entre moitos outros: actrices, actores, autoras, escenógrafos, músicos, pedagogas, fotógrafos ou deseñadores gráficos; algúns aínda poden contar hoxe esas experiencias, outros como Marisa Soto, Tuto Vázquez ou máis recentemente Paco Conesa, lamentablemente xa non; pero para todos, e en especial para os que xa nos deixaron, van estas reflexións polo trinta aniversario de


#### **Teatro do Noroeste.**

Longa vida ao teatro.

**Francisco Oti Ríos**









EDUARDO ALONSO  
ELIARA GÓMEZ  
EVA ALONSO

MANUEL RIVAS  
ANTÓN DE SANTIAGO  
M. XOSÉ QUEIZAN  
MANUEL GUSDE  
XESUS CAMPOS  
ANTONIO F. SIMÓN  
LINO BRAKE  
X.L. MENDEZ FERREI  
MIGUEL ANXO MURADO  
SUSO DE TORO  
LÓLA CORREA  
CARLOS ALVAREZ OSORNO  
ROBERTO VIDAL BOLAÑO  
CÁNDIDO PAZO  
FERNANDO PEREZ BARRERO NOLLA  
IRMA ANTONHO  
ALEXANDRA MOREIRA DA SILVA  
XOSÉ MANUEL BÉRAS  
MANUEL LOURENÇO  
FÁTIMA RODRÍGUEZ VARELA  
ANTONIO CARPELO  
ELINA LUACES  
GONZALO M. BARRTE  
ROSA ALVAREZ  
ERNESTO CHAO  
ANTONIO DURAN  
MAUEL RIVERA  
MARISA SOTO  
DECO VARELA  
TUTO VÁZQUEZ  
SANTI PREGO  
MONTI CASTRINEIRAS

PAZO CAMPOS  
BELEN CONSTANLA  
MATILDE BLANCO  
MARISA BARGALA  
IRMA ANTONHO  
MIGUEL PERNAS  
CARLOS BLANCO  
RAÚL G. VARGO  
GERARDO DEL RÍO  
XOSÉ LÓPEZ SOTO  
SERGIO PAZOS  
REBECA MONTORO  
XAVIER ESTEVEZ  
XOSÉ VLAJELLE  
TUTO VÁZQUEZ  
XOSÉ A. PORTO "LÓSTI"  
NELSON FREITAS  
LUIS ZAHERA  
HENRIETA MAYA  
MARIA SÁNCHEZ  
FLOR MACOIAS  
ELENA ATIENZA  
MONICA GARCIA  
MANUEL GÉRANZ  
SANTI PREGO  
AVELINO GONZÁLEZ  
LUIS GONZAGA  
ALEXANDRE PASSOS  
MARCOS ORSI  
CARLOS MCGUERRAN MOST  
LUSA VERA  
MANUEL AREOSO

ALEJANDRO CARRO  
JAVIER CERDEIRA  
MAYO BARRAS  
RAMÓN GRENCO  
XAVI CASAS  
BRANDAN LOURENZO  
ATORREI  
JACOBO BUGARÍN OSORNO  
FERNANDO GONZÁLEZ  
VICTORIA PÉREZ VARELA  
FERNANDO TATO  
CHRISTIAN ESQUIREDO  
OMAR RABUJAL  
ANTELA CO  
SARA CASASNOVAS  
MANUELA VARELA  
JULIA MENDEZ  
JULIA SÁNCHEZ  
BRAS MORAN  
MONTI CASTRINEIRAS  
ÁNGELA MARQUES  
ANTONIO ALVES VERA  
CRISTÓBAL CARVALHERO  
FÁBIO PAULA  
MANUELA PAULLO  
AVELINO CARNEIRO  
REBECA OLIVEIRA  
RUBEN ANDRADE  
SARA BARRIOS LEITÃO  
SILVANO MAGALHÃES  
TAGO ARAÚJO  
LAURA MOURÃO

CRISTINA VÁZQUEZ  
MIGUEL NUNJA  
PAZO GONESA  
VAGO SEARA  
SILVIA DE MARTA  
SUSO MONTEIRO  
GABRIELA MONTEIRO  
EMILIO CAO  
FERNANDO LÓPEZ FAN  
JOSÉ PRATA  
DIEGA ALONSO  
BERNARDO MARTÍNEZ  
MIGUEL ÁNGEL REMIRO  
FERNANDO ALONSO  
ROBERTO TAVOADA  
JOSE MARTINS  
JORGE CASTRO QUEDES  
AVELINO GONZÁLEZ  
XAVIER MARTINEZ  
SUSO FERNÁNDEZ  
LUIS SÁNCHEZ  
JUANLO AHADO  
MAURO CHAO  
ARTURO LÓPEZ  
MIGUEL LÓPEZ SOTO  
FRANCISCO GÓMEZ  
ROBERTO GARCÍA  
DAVID MELEIRO  
PORFIRIO BARBOSA  
CELSO RIBEIRO  
JOSÉ TORRES  
XOSÉ M. MELUNES

ROSA MOURÃO  
CRISTINA PUJALES  
JUAN LOADRADO  
NEREA DE VILHENCIELA  
CRISTINA OLIVEIRA  
PABLO SEGANE  
SALVADOR FORJÁN  
EDUARDO CANEDO  
GONDO VAZADO  
MERCEDIS RODRÍGUEZ  
DIEGA BOUTON  
SUSANA LÓPEZ  
ADELINA SOUTO  
CLÓTILIA VELLO  
SUSANA LÓPEZ BOUTON  
MIRIAM MAGARRIOS  
ENRIQUE BANET  
CARLOS FERREIRO  
ALICIA COLLADO  
CESAR SELIAS  
TINO VIZ  
ANA PEREIRA  
GUALBERTO BOA MORTO  
GUILHERMO RODRÍGUEZ  
CRISTINA PARDO  
SUSAN GANLEY  
MERCEDIS GONZÁLEZ  
MERCEDIS NERA MELLA  
ANABEL CARNEIRO FERNÁNDEZ  
MONTSERRAT FERNÁNDEZ CASTRO  
SARA PAZ QUÍRONES

## 162 PROFESIONAIS PASARON OU COLABORARON CON TEATRO DO NOROESTE NESTES 30 ANOS







unidades didácticas  
o teatro como feito educativo





<p>MEDEA GALICIA, SL REILEAR ALTA COMEDIA TAGENATA OS XUSTOS A GRANDE NOITE DE FIZ GALILEO GALILEI AS VODAS DE FIGARO</p>	<p>MACBETH HISTORIAS PEREGRINAS (II) NOITE DE REIS LINHA ROSA E LINHA ROSA ESTACION MAHAGONNY FEIRANTES A CELESTINA O PAIS ACUÁTICO ALTA COMEDIA</p>	<p>CAMPO SUR AS DAMAS DE FERROL ENSAIO CONFESION A CASA DO PAI IMPERIAL, CAFÉ CANTANTE, VIGO 1936 ROMEO E XULIETA EXTRARRADIOS GLASS CITY</p>	<p>RUMEU E JULIETA HISTORIAS PEREGRINAS (II) ÚLTIMO DOWBOY PIRATAS LINDA AND FREDDY, ILUSIONISTAS TOUPORROUTOU DA LÚA E DO SOL A MAMMA SELECCIÓN NATURAL</p>
---	--	---	--